

PROGRAMACIÓN

DEPARTAMENTO DE PORTUGUÉS

Curso: 2024/ 2025

ÍNDICE

| | | |
|--------|---|----|
| 1. | INTRODUCCIÓN | 7 |
| 1.1. | Marco legal | 7 |
| 1.2. | Contexto educativo | 7 |
| 2. | PROGRAMACION POR NIVEIS | 10 |
| | NIVEL BÁSICO | 10 |
| | NIVEL A2 | 10 |
| 1. | Obxectivos xerais | 10 |
| 1.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 10 |
| 1.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 10 |
| 1.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 11 |
| 1.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 11 |
| 1.5. | Actividades de mediación | 11 |
| 2. | Obxectivos específicos | 11 |
| 2.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 11 |
| 2.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 12 |
| 2.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 13 |
| 2.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 13 |
| 2.5. | Actividades de mediación | 14 |
| 3. | Secuenciación e temporalización dos contidos | 14 |
| 3.1. | Competencias comunicativas | 14 |
| 3.1.1. | Competencias pragmáticas | 14 |
| a) | Contidos funcionais | 14 |
| b) | Contidos discursivos | 15 |
| • | Coherencia e cohesión | 15 |
| • | Tipoloxía de textos | 16 |
| 3.1.2. | Competencias sociolingüísticas | 18 |
| 3.1.3. | Competencias lingüísticas | 18 |
| a) | Contidos léxicos-semánticos | 18 |
| b) | Contidos gramaticais | 20 |
| c) | Contidos fonéticos | 24 |
| d) | Contidos ortográficos | 24 |
| 3.2. | Competencias socioculturais | 25 |
| 3.3. | Competencias extratécnicas | 25 |
| 4. | Avaliación | 28 |
| 4.1. | Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis | 28 |
| 4.1.1. | Criterios de cualificación | 28 |
| 4.1.2. | Mínimos esixíbeis | 29 |
| 4.2. | Procedementos e instrumentos de avaliación | 29 |
| 4.3. | Criterios de avaliación | 30 |
| 4.3.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 30 |
| 4.3.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 30 |
| 4.3.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 31 |

| | | |
|-----------------------|--|----|
| 4.3.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 31 |
| 4.3.5. | Actividades de mediación..... | 31 |
| NIVEL INTERMEDIO..... | | 32 |
| NIVEL B1..... | | 32 |
| 1. | Obxectivos xerais..... | 32 |
| 1.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 32 |
| 1.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 32 |
| 1.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 32 |
| 1.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 32 |
| 1.5. | Actividades de mediación..... | 33 |
| 2. | Obxectivos específicos..... | 33 |
| 2.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 33 |
| 2.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 34 |
| 2.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 35 |
| 2.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 36 |
| 2.5. | Actividades de mediación..... | 37 |
| 3. | Secuenciación e temporalización dos contidos..... | 37 |
| 3.1. | Competencias comunicativas..... | 37 |
| 3.1.1. | Competencias pragmáticas..... | 37 |
| a) | Contidos funcionais..... | 38 |
| b) | Contidos discursivos..... | 41 |
| • | Coherencia e cohesión..... | 41 |
| • | Tipoloxía de textos..... | 42 |
| 3.1.2. | Competencias sociolingüísticas..... | 45 |
| 3.1.3. | Competencias lingüísticas..... | 46 |
| a) | Contidos léxicos-semánticos..... | 46 |
| b) | Contidos gramaticais..... | 48 |
| c) | Contidos fonéticos..... | 51 |
| d) | Contidos ortográficos..... | 52 |
| 3.2. | Competencias socioculturais..... | 53 |
| 3.3. | Competencias estratéxicas..... | 54 |
| 4. | Avaliación..... | 59 |
| 4.1. | Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis..... | 59 |
| 4.1.1. | Criterios de cualificación..... | 59 |
| 4.1.2. | Mínimos esixíbeis..... | 59 |
| 4.2. | Procedementos e instrumentos de avaliación..... | 60 |
| 4.3. | Criterios de avaliación..... | 61 |
| 4.3.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 61 |
| 4.3.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 62 |
| 4.3.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 63 |
| 4.3.4. | Actividades produción e coprodución de textos escritos..... | 63 |
| 4.3.5. | Actividades de mediación..... | 64 |
| NIVEL B2..... | | 65 |
| 1. | Obxectivos xerais..... | 65 |
| 1.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 65 |
| 1.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 65 |
| 1.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 65 |

| | | |
|----------------|---|----|
| 1.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 65 |
| 1.5. | Actividades de mediación | 65 |
| 2. | Obxectivos específicos | 66 |
| 2.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 66 |
| 2.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 66 |
| 2.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 67 |
| 2.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 68 |
| 2.5. | Actividades de mediación | 68 |
| 3. | Secuenciación e temporalización dos contidos..... | 70 |
| 3.1. | Competencias comunicativas | 70 |
| 3.1.1. | Competencias pragmáticas | 70 |
| a) | Contidos funcionais | 70 |
| b) | Contidos discursivos..... | 71 |
| • | Coherencia e cohesión | 71 |
| • | Tipoloxía de textos | 71 |
| 3.1.2. | Competencias sociolingüísticas | 72 |
| 3.1.3. | Competencias lingüísticas | 72 |
| a) | Contidos léxicos-semánticos..... | 73 |
| b) | Contidos gramaticais..... | 74 |
| c) | Contidos fonéticos | 76 |
| d) | Contidos ortográficos | 77 |
| 3.2. | Competencias socioculturais | 77 |
| 3.3. | Competencias estratéxicas | 78 |
| 4. | Avaliación..... | 82 |
| 4.1. | Criterios de cualificación e mínimos esixibéis..... | 82 |
| 4.1.1. | Criterios de cualificación | 82 |
| 4.1.2. | Mínimos esixibéis..... | 82 |
| 4.2. | Procedementos e instrumentos de avaliación | 83 |
| 4.3. | Criterios de avaliación..... | 84 |
| 4.3.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 84 |
| 4.3.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 84 |
| 4.3.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 85 |
| 4.3.4. | Actividades produción e coprodución de textos escritos..... | 86 |
| 4.3.5. | Actividades de mediación..... | 87 |
| NIVEL C1 | | 88 |
| 1. | Obxectivos xerais | 88 |
| 1.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 88 |
| 1.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 88 |
| 1.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 88 |
| 1.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 88 |
| 1.5. | Actividades de mediación | 89 |
| 2. | Obxectivos específicos..... | 89 |
| 2.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 89 |
| 2.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 89 |
| 2.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 90 |
| 2.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos..... | 91 |
| 2.5. | Actividades de mediación..... | 91 |

| | | |
|----------------|---|-----|
| 3 | Secuenciación e temporalización dos contidos | 92 |
| 3.1. | Competencias comunicativas | 92 |
| 3.1.1. | Competencias pragmáticas | 92 |
| a) | Contidos funcionais | 92 |
| b) | Contidos discursivos..... | 93 |
| • | Coherencia e cohesión | 93 |
| • | Tipoloxía de textos | 94 |
| 3.1.2. | Competencias sociolingüísticas | 94 |
| 3.1.3. | Competencias lingüísticas | 95 |
| a) | Contidos léxicos-semánticos..... | 95 |
| b) | Contidos gramaticais..... | 97 |
| c) | Contidos fonéticos | 98 |
| d) | Contidos ortográficos | 98 |
| 3.2. | Competencias socioculturais | 98 |
| 3.3. | Competencias estratéxicas | 99 |
| 4. | Avaliación..... | 103 |
| 4.1. | Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis..... | 103 |
| 4.1.1. | Criterios de cualificación | 103 |
| 4.1.2. | Mínimos esixíbeis..... | 104 |
| 4.2. | Procedementos e instrumentos de avaliación | 105 |
| 4.3. | Criterios de avaliación..... | 105 |
| 4.3.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 105 |
| 4.3.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 106 |
| 4.3.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 106 |
| 4.3.4. | Actividades produción e coprodución de textos escritos..... | 107 |
| 4.3.5. | Actividades de mediación..... | 107 |
| NIVEL C2 | | 108 |
| 1. | Obxectivos xerais | 108 |
| 1.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 108 |
| 1.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 108 |
| 1.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 108 |
| 1.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 109 |
| 1.5. | Actividades de mediación | 109 |
| 2. | Obxectivos específicos..... | 109 |
| 2.1. | Actividades de comprensión de textos orais | 109 |
| 2.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 109 |
| 2.3. | Actividades de comprensión de textos escritos | 110 |
| 2.4. | Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 111 |
| 2.5. | Actividades de mediación | 111 |
| 3. | Secuenciación e temporalización dos contidos..... | 112 |
| 3.1. | Competencias comunicativas | 112 |
| 3.1.1. | Competencias pragmáticas | 112 |
| a) | Contidos funcionais | 112 |
| a) | Contidos discursivos..... | 114 |
| • | Coherencia e cohesión | 114 |
| • | Tipoloxía de textos | 114 |
| 3.1.2. | Competencias sociolingüísticas | 115 |

| | | |
|--------|--|-----|
| 3.1.3. | Competencias lingüísticas | 116 |
| b) | Contidos léxicos-semánticos..... | 116 |
| c) | Contidos gramaticais..... | 118 |
| d) | Contidos fonéticos | 119 |
| e) | Contidos ortográficos | 120 |
| 3.2. | Competencias socioculturais | 120 |
| 3.3. | Competencias estratéxicas | 121 |
| 4. | Avaliación..... | 124 |
| 4.1. | Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis..... | 125 |
| 4.1.1. | Criterios de cualificación | 125 |
| 4.1.2. | Mínimos esixíbeis..... | 125 |
| 4.2. | Procedementos e instrumentos de avaliación | 126 |
| 4.3. | Criterios de avaliación..... | 127 |
| 4.3.1. | Actividades de comprensión de textos orais..... | 127 |
| 4.3.2. | Actividades de produción e coprodución de textos orais | 127 |
| 4.3.3. | Actividades de comprensión de textos escritos..... | 128 |
| 4.3.4. | Actividades produción e coprodución de textos escritos..... | 128 |
| 4.3.5. | Actividades de mediación..... | 129 |
| 3. | ENFOQUE METODOLÓXICO | 129 |
| 4. | RECURSOS DIDÁCTICOS E BIBLIOGRAFÍA | 131 |
| 5. | ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 133 |
| 6. | ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA | 134 |
| 7. | VALORACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA..... | 136 |
| 8. | AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO..... | 136 |

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Marco legal

Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.

Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Instrución 8/2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2024/25.

Resolución do 16 de maio de 2024, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscripción, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25.

1.2. Contexto educativo

O Ferrol que coñecemos hoxe nace como verdadeiro núcleo urbano a mediados do século XVIII, caracterizado por unha histórica dependencia do sector naval, do sector público e do militar, xa que foi creada por unha R.O. de 1726 como base naval destinada a controlar os intereses marítimos de España.

As obras das factorías navais, que posibilitarán o seu desenvolvemento posterior, deron lugar, nun comezo, á aparición do barrio de Esteiro (onde se asentaron os obreiros) e, máis tarde, ao deseño e construción do barrio da Magdalena como espazo residencial que foi ocupado por funcionarios, militares e comerciantes e que hoxe está declarado conxunto histórico-artístico. Conta, durante moitos anos, coa base naval máis importante de España e unha das mellores de Europa.

Cunha poboación de 66.065 habitantes (INE 1-1-2019), a área metropolitana de Ferrol, coñecida como Ferrolterra, agrupa as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, cunha poboación que supera os 200.000 habitantes.

Segundo a Asociación de Empresarios Ferrolterra en colaboración coa Deputación e a Universidade da Coruña, as características máis relevantes da dinámica

socioeconómica de Ferrol nas últimas dúas décadas son o declive demográfico e o declive económico, converténdose en características estruturais do municipio.

Dende comezos do século XXI, Ferrol perdeu o 15% da súa poboación, o seu índice de actividade económica reduciuse nun 24% e o seu número total de empresas diminuíu un 5%. A estrutura por idades da poboación presenta características preocupantes, cunha poboación envellecida e menores porcentaxes que a media galega tanto en poboación menor de 16 anos como en poboación en idade de traballar. Ferrol é a segunda cidade de España onde menos se move o emprego e a segunda tamén con menor tamaño medio de fogar, segundo se desprende do último Informe de Indicadores Urbanos. Con estes datos a situación socioeconómica de Ferrol é obxectivamente preocupante. Pódese falar de dúas crises estruturais, a demográfica e a económica, inter-relacionadas e que se retro-alimentan entre si.

Esta situación repercute na tipoloxía de alumnado que temos na Escola e na súa heteroxeneidade. Hai que ter en conta o tipo de estudante para adecuar a oferta de grupos ás súas características, necesidades e dispoñibilidade horaria. En función de se se trata de universitarios, desempregados, xubilados, etc., a distribución horaria dos grupos será distinta en quenda de mañá ou de tarde.

A Escola Oficial de Idiomas de Ferrol

A Escola está situada no centro da cidade, entre a rúa Magdalena e a rúa Real, ámbalas dúas rúas peonís.

● **Oferta educativa**

Impártense as seguintes linguas na escola: alemán, español, francés, galego, inglés, italiano e portugués, nas modalidades:

- oficial presencial (cursos anuais e cursos intensivos de nivel básico en francés e alemán)
- semipresencial en inglés na sede central de Ferrol de nivel B1, C1.1. e C1.2. e na sección das Pontes B1.
- a distancia (programa That's English)
- ensino libre

A esta oferta educativa súmanse unha serie de cursos específicos para distintos colectivos

- * 1 curso preparatorio para a realización do CELGA 4
- * cursos CALC (cursos de actualización lingüística e comunicativa) de inglés de niveis B2 e C1 SEMI
- * curso CALG de nivel C2
- * 2 curso2 CFR de alemán de nivel A1
- * cursos de inglés para o público xeral en Ferrol de niveis B1, B2, C1 e C2
- * cursos de inglés para o público xeral en As Pontes de niveis A2, B1, B2 e C1

* dous cursos de francés para o público xeral de niveis B2 e C1

* dous cursos de italiano para o público xeral de nivel B1 e B2

Os niveis educativos que se imparten ata o presente curso son o nivel básico, intermedio e avanzado de cada idioma ata o C1 en todas as linguas, agás en galego, portugués e inglés que se ofrece ata o C2.

A EOI de Ferrol conta con dúas seccións: a de Cedeira no IES Punta Candieira e a de As Pontes no IES Castro da Uz, nas que se ofrece inglés na modalidade presencial

O número de alumnado deste curso ronda os 1922 estudantes: 1715 en Ferrol e 207 nas dúas seccións.

● **O alumnado**

O alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Ferrol ten unha idade que oscila entre os 14 e os 70 anos. Debido ás características antes mencionadas de Ferrolterra, a escola conta cun gran número de estudantes en paro, en busca de emprego, completando a súa formación coa aprendizaxe de linguas. Isto incide directamente na escola dende o punto de vista organizativo. Por unha banda, hai alumnado que atopa traballo, normalmente temporal, e solicita cambio de grupo por incompatibilidade horaria. Por outra, está o alumnado que traballa por quendas, ás veces incluso con cambios nas quendas dun día para o seguinte, que busca unha solución para poder rematar o curso e no peor dos casos vense obrigados a abandonar.

Outro grupo importante é o do alumnado universitario que mostra interese polas linguas para completar a súa formación.

O alumnado mais novo atópase fundamentalmente en inglés e vai a clase pola tarde, xa que pola mañá asiste a outro tipo de ensino: E.S.O., bacharelato, F.P., etc.

O alumnado de máis idade está representado sobre todo por prexubilados (dos estaleiros e militares, entre outros), e amas de casa.

Debido a esta variedade, os grupos son heteroxéneos, de idades dispares e con niveis culturais moi diferentes. Isto supón un esforzo engadido para o profesorado na súa pretensión de asegurar un ensino que se adapte a esta diversidade e que satisfaga as expectativas de todo o alumnado na aula.

● **Persoal docente**

O claustro consta neste curso de 39 membros, dos cales 20 son docentes de inglés (incluíndo as 2 da sección de Cedeira e as 3 da sección de As Pontes, unha delas a media xornada), 5 do departamento de francés (dúas docentes a media xornada), 4 de alemán, 3 de italiano, 2 de galego, 2 de español cunha profesora cedida polo departamento de inglés e 3 de portugués (2 persoas con media xornada).

Cóntase neste curso tamén con 4 axudantes lingüísticos de alemán, francés, inglés e de portugués.

- **Persoal non docente**

O centro conta con 2 administrativos, 4 conserxes e 2 limpadoras.

- **Recursos materiais e espazos físicos**

A Escola dispón de:

- 20 aulas, cada unha delas con ordenador portátil, sistema de audio no falso teito (excepto a aula 20), pizarra dixital interactiva e pizarra tradicional
- Laboratorio multimedia
- Biblioteca que forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas escolares dende o curso 2009-2010 e unha sala de lectura
- 5 departamentos con ordenadores de mesa e portátiles
- 1 sala de profesores
- Salón de actos con 110 prazas, dúas cabinas de tradución e canón de vídeo
- Conserxería
- Sala de reprografía con fotocopidora, multicopista e ordenador
- 3 despachos de dirección dotados con catro ordenadores, impresora multifunción a cor e unha pequena fotocopidora
- Despacho de recursos
- Oficina de administración dotada de 2 ordenadores e fotocopidora
- Cafetería
- Baños para homes e mulleres en cada andar
- Baños para persoas discapacitadas no andar baixo
- Ascensor de uso restrinxido (mobilidade reducida)
- Dependencias no soto onde está a caldeira da calefacción, o centro de transformación e dous espazos que serven de almacén

2. PROGRAMACION POR NIVEIS

| |
|---------------------|
| NIVEL BÁSICO |
|---------------------|

| |
|-----------------|
| NIVEL A2 |
|-----------------|

1. Obxectivos xerais

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e simples articulados clara e lentamente, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, nunha variedade de lingua padrón, que traten de necesidades inmediatas, temas cotidianos e coñecidos con que se estexa moi familiarizado/a ou experiencias persoais e previsíbeis, non existindo ruídos de fondo e podendo utilizar estratexias que faciliten a comprensión, tales como os apoios visuais, as repeticións ou as reformulacións.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como telefonicamente ou por outros medios técnicos, textos orais breves con estruturas básicas e habituais,

adequadas á situación e aos interlocutores/as, referidos a asuntos da vida cotidiana, e desenvolverse de forma comprensíbel e clara, aínda que sexan evidentes o sotaque estranxeiro, as pausas e dúbidas, e aínda sendo necesaria a repetición, a paráfrase e/ou a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido global e localizar información relevante e previsíbel en textos breves e simples, ben estruturados e en lingua padrón, relacionados con temas cotidianos, especialmente se contan con apoio visual.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, en diferentes soportes, textos breves e simples sobre aspectos cotidianos e temas previsíbeis relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio lexical e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementares.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes de diferentes linguas en situacións de carácter habitual en que se producen trocas moi simples de información relacionadas con asuntos cotidianos ou con información persoal básica.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o esencial en situacións en que se utilicen frases moi simples sobre temas frecuentes referidas ao ámbito persoal, faladas con lentitude e clareza.

Acompañar un texto breve articulado con clareza, con expresións simples e habituais de temas coñecidos e necesidades inmediatas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente.

Comprender a información esencial de fragmentos escritos curtos gravados, que traten de asuntos cotiáns, pronunciados lenta e claramente.

Utilizar estratexias de comunicación para suplir as carencias lingüísticas e deducir o significado de palabras ou expresións descoñecidas a partir do contexto.

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado sempre que se fale de modo pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica previsíbel de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar unha mudanza de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas simples que relaten experiencias persoais e previsíbeis, articuladas lentamente e nunha linguaxe padrón.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e simples, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial previsíbel de textos audiovisuais simples, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

Utilizar estratexias que faciliten a Comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Estabelecer contactos sociais moi breves e simples, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e fin de conversa, tomando a palabra con cortesía

Presentarse e trocar información básica e simples sobre unha ou un propio e sobre outras persoas, expresar gostos, preferencias e intereses sobre temas cotiáns.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predecíbeis, incluíndo convites e propostas e reaxindo adecuadamente ás mesmas, expresar sentimentos e opinións de maneira básica.

Interaxir para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale de vagar e con estruturas moi simples e habituais, reaxindo adecuadamente.

Solicitar a colaboración do interlocutor ou interlocutora con preguntas simples e directas, entendendo e facéndose entender.

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de modo simple, mais eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e conclusión da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais, adecuadas á situación e aos interlocutores.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, simples, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender e ofrecendo ou solicitando informacións básicas.

Describir nun monólogo, de forma breve e simples, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e simples dos ouvintes se llas repiten e se axudan coas respostas.

Expor planos e facer hipóteses, de modo breve e simples, en conversas informais en relación a asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración do interlocutor ou da interlocutora e utilizar estratexias para garantir a comunicación.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender textos que inclúan ou soliciten información persoal básica. comprender instrucións breves e simples, e indicacións, especialmente con apoio visual.

Comprender mensaxes breves que conteñan informacións simples relacionadas con actividades da vida cotián.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia, ben como a correspondencia persoal moi breve e simples.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, con recurso a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e previsíbel en textos pouco complexos, en lingua padrón e relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e simples, que describan factos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos simples, ben estruturados e en lingua padrón.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Completar documentos básicos en que se solicita información persoal.

Escribir mensaxes moi breves e simples a partir de unha información tamén simples e predicíbel, instrucións e indicacións moi básicas sobre temas cotiáns.

Trocar correspondencia persoal breve e simples.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e elaboralos a partir de textos modelo.

Intercambiar información concreta e simples sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Describir de forma simples lugares, obxectos e persoas, e narrar factos e experiencias, ben como expor planos e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e simple, sobre temas previsíbeis relacionados coa experiencia persoal e na cal se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro adecuado á situación de comunicación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

2.5. Actividades de mediación

Transmitir oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos (carteis, folletos, formularios, instrucións, correspondencia, etiquetas, anuncios, conversas, presentacións, noticias...), sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

Transmitir oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, coma mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

Mediar en situacións moi cotiáns, nas cales o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Resumir brevemente os puntos máis importantes e a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en exposicións moi breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa familiar e predicíbel e se lle poidan pedir aclaracións á persoa relatora.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

a) Contidos funcionais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formúlanse en termos de expresión, mais considerase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

| | |
|---------------------------------|--|
| <i>Usos sociais da lingua:</i> | Encetar e concluír unha conversa telefónica. |
| <i>Control da comunicación:</i> | Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. |

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formúlanse en termos de expresión, mais considerase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

| | |
|--|---|
| <i>Información xeral:</i> | Describir persoas, obxectos e lugares. |
| <i>opinións e valorizacións:</i> | Valorizar un facto. xustificar unha opinión ou unha actividade. preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento. |
| <i>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</i> | Expresar estados de ánimo. |
| <i>Pedido de instrucións e suxestións:</i> | Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. Suxerir unha actividade. |

b) Contidos discursivos

- Coherencia e cohesión

Os contidos serán abordados por igual ao longo de todo o ano lectivo:

Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o intuito comunicativo.

Utilizar a variedade da lingua padrón.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requerer a situación de comunicación.

Cohesión:

Iniciar, desenvolver e concluír textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e concluír conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar manter e ceder a vez de palabra en diferentes situacións de interacción oral, respectando as regras e as convencións.

Usar conectores básicos discursivos para comezar, continuar, acrecentar, exemplificar e finalizar.

Coherencia:

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfrenta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporaria.

Cohesión:

Tentar manter a cohesión temática do texto, utilizando recursos tais como a correferencia (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de modo simple o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectores básicos para exprimir relacións lóxicas tais como a causa, a consecuencia, a finalidade, etc.

Recoñecer ou utilizar a reformulación como recurso para tentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os padróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con algunha precisión os recursos básicos de puntuación, adecuándose ás regras e convencións propias dos textos recollida na epígrafe *Tipoloxía de textos*

- [Tipoloxía de textos](#)

Os contidos serán abordados por igual ao longo de todo o ano lectivo:

Eis a lista de textos orais e escritos correspondentes ao Básico A2, cuxa complexidade deberá ser a apropiada ao nivel inicial:

Oral:

Anuncios publicitarios de radio, televisión, internet e anuncios por megafonía

Instrucións e indicacións pormenorizadas

Conversas face a face e en grupo

Reunións de traballo

Debates

discusións formais

Entrevistas: de traballo, académicas, médicas...

Textos audiovisuais: filmes, programas de TV ou de radio, telexornais, documentais, material gravado.

Conferencias e presentacións e declaracións públicas

Cancións

Representacións teatrais

Conversas telefónicas e mensaxes en atendedores de chamadas

Inqueritos

Escrito:

Anuncios publicitarios (en paineis, na prensa...) e anuncios por palabras.

Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, encomendas, telefax, notas, mensaxes, convites, parabéns, etc)

Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas)

Informes

Resumos e esquemas

Apuntamentos

Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais)

Bandas deseñadas

Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias)

Documentos comerciais (contratos, facturas, cartas comerciais, recibos, extractos bancarios)

Catálogos

Manuais de instrucións

Guións

Currículos

Dicionarios e *thesaurus*

Prospectos

Recetas de cociña

Adiviñas

Biografías

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Nunha focaxe da aprendizaxe centrada no uso é imprescindible atender á dimensión social do idioma. Alén de coñecer os recursos dispoñíbeis, a utilizadora ou o utilizador terá que saber utilizalos adecuadamente en cada situación de comunicación.

Será importante fomentar a correcta interpretación dos contextos e o comportamento adecuado a cada un deles, mediante o recurso a marcadores lingüísticos de relación social, fórmulas de tratamento, cumprimentos e normas de cortesías adecuadas.

No nivel Básico, as alumnas e os alumnos deberán atinxir capacidade para se desenvolver en intercambios consoante as convencións sociais establecendo contacto (cumprimentos, expresión de interese), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder licenza, comunicación telefónica e telemática.

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Poderán finalizar contactos con despedidas, cumprimentos, incluídas as conversas telefónicas e as fórmulas adecuadas á comunicación epistolar.

Saberán manter contacto mediante pedidos de desculpa, agradecementos, cumprimentos, parabéns, condolencias, desexos, brindes.

Expresarán adecuadamente sentimentos de alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc, recorrendo ás exclamacións con xeito.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (traballo, linguas estranxeiras).

Habitación, lar e ambiente próximo (Tipos de habitación, descrición e localización da habitación)

Traballo e profesión (actividade profesional, organización do traballo canto alugar, cargo, horario, etc, condicións de traballo).

Tempos libres e actualidade (descrición das actividades de lecer e culturais, incluíndo as localidades, etc).

Viaxes e transportes (entrada e saída nun país, comunicación con empregados de locais para o aloxamento, planificación das ferías, viaxes ligadas ao turismo, incluíndo axencias de viaxes, monumentos, etc).

Relacións humanas e sociais (tipos e formas de relación social, incluíndo lavarse ben e mal, conflitos, etc; as formas de tratamento, asociacións).

Saúde e cuidados físicos (posición do corpo e movementos, sensacións e percepcións físicas, especialidades médicas, servizos de saúde, accidentes e lesións, síntomas de doenzas, adicións e drogas).

Educación (actividades escolares, nomes das materias, habilitacións e diplomas, servizos de educación, incluíndo propinas, inscrición, bolsa, etc; exames).

Compras e actividades comerciais (relacións co persoal comercial, compras de alimentos).

Alimentación (convites e brindes, comer fora, características de comidas e de bebidas).

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (traballo, relixión).

Habitación, lar e ambiente próximo (Descrición e localización da periferia, o barrio, o medio rural, etc.)

Tempos libres e actualidade (actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc).

Viaxes e transportes (entrada e saída nun país, comunicación con empregados de locais para o aloxamento, planificación das ferías, viaxes ligadas ao turismo, incluíndo axencias de viaxes, monumentos, etc).

Educación (actividades escolares, nomes das materias, habilitacións e diplomas, servizos de educación, incluíndo propinas, inscrición, bolsa, etc; exames).

Compras e actividades comerciais (relacións co persoal comercial, compras de alimentos).

Alimentación (relacións co persoal da hotelaria, preparación de refeccións e de bebidas, produtos alimentares).

Bens e servizos (policía, automóbil, incluíndo reparación, asistencia na estrada, etc; bomba de gasolina e aluguer de viaturas)

Clima, condicións atmosféricas e ambiente (cualificativos para o ambiente, partes da cidade, flora e fauna, problemas ambientais).

Ciencia e tecnoloxía (instrucións de aparellos de uso cotián).

b) Contidos gramaticais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Oración simples (declarativa de suxeito indeterminado con *se*)

Oración interrogativa (parciais múltiples: *quem disse o quê*)

Posición dos elementos constituíntes da oración (suxeito, verbo, complemento) nas interrogativas parciais múltiples e nas oracións de suxeito indeterminado con *se*.

A oración composta

Expresión de relacións lóxicas de conxunción tipo *não só... como/mas também...*; de dixunción como en *ora... ora...*; de oposición tipo *embora, mesmo que, aínda que + conxuntivo*; de consecuencia con *portanto, de modo a.../de modo que...* e construción análogas (*Não sabia o que escrever, de modo que comecei a inventar*);

Relacións temporais (anterioridade; simultaneidade; posterioridade)

Sintagma nominal

Núcleo (substantivo e pronome):

Clases de substantivos (proprios e comúns, uso correcto da maiúscula, colocacións lexicais con cuantificadores e delimitadores, tipo *uma fatia de queijo, um pacote de açúcar*; xénero, vendo as regras xerais e outros casos tipo *-ão/-oa* e *-ão/-ona*; os sobrecomúns, tipo *a criança*; a variación do significado segundo o xénero, tipo *a guia/o guia*;

Pronomes persoais átonos e tónicos: formas de tratamento formais e pronomes átonos correspondentes, tipo *Vossa Excelência* e as súas abreviaturas, *vos (para vos dizer), si, consigo (Trouxe para si, Quero falar consigo)*.

Modificación do núcleo: determinantes (artigos, uso do artigo cos nomes propios xeográficos, usos estilísticos tipo ausencia nos títulos dos xornais); demostrativos (variábeis e invariábeis, combinación con outros determinantes, tipo *Aquele meu amigo, Estoutro livro*); posesivos (para un posuidor e para varios; combinación con outros determinantes, tipo *um meu amigo, Nenhum aluno meu*; .

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

Funcións sintácticas do sintagma: suxeito, CD, etc.

Sintagma adxectivo: núcleo adxectivo (género, incluíndo as regras xerais e outros casos *-ão/-oa* e *-ão/-ona*; *-eu/-eia*; número, coas regras xerais e outros casos; grao

superlativo irregular; prefixos habituais de tipo adxectivo, tipo *humano/desumano, decente/indecente*, etc).

Sintagma verbal: Núcleo verbal, incluíndo:

O tempo (coa expresión do pasado mediante o PPS do Ind. regulares e irregulares, PMQP simples e composto do Ind. con todas as formas regulares e irregulares, con *ter* como auxiliar no composto; a expresión do futuro mediante o Futuro do Ind. nas formas regulares e irregulares das 3 conxugacións; o Futuro Composto do Ind., o Futuro do Conxuntivo nas formas regulares e irregulares máis comúns das 3 conxugacións);

a modalidade (con a expresión da factualidade no indicativo, a necesidade con *ser preciso/necesário que + conxuntivo*, a obrigaón, con *ser obrigatório que + conxuntivo*, a posibilidade, con *ser possível que + conx.*, *talvez + conx.* *Se callar + indicativo*, futuro do indicativo, futuro composto do indicativo.; da prohibición co imperativo negativo formal e informal, incluíndo as formas irregulares, *não ser possível/ser impossível + conxuntivo*; ordes e instrucións, consellos e suxestións, con imperativo afirmativo e negativo formal e informal, incluídas as formas irregulares; da intención, con *querer que + conxuntivo*; o conxuntivo, incluído o presente nas formas regulares e irregulares máis usuais, e o futuro.

O infinitivo (flexionado vs non flexionado) e o infinitivo composto.

A voz activa e a pasiva, incluíndo as formas irregulares do participio usadas na voz pasiva.

Modificación do núcleo mediante a negación

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia, tipo a posición de *talvez* e a escolla do modo: *Talvez venha amanhã/Vem talvez amanhã*.

Función sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc)

Sintagma adverbial. O núcleo adverbial, incluíndo:

Formación de adverbios co sufixo *-mente*

adverbios frásicos, modalizadores da oración, tipo *Possivelmente haverá eleições no próximo ano*.

Locucións adverbiais máis frecuentes.

Modificacións do sintagma mediante sintagma adverbial.

Posición dos elementos.

Funcións sintácticas do sintagma.

Rexencias preposicionais dos verbos máis frecuentes, tipo *Falar nesse tema/desse tema*;

Aproximar-se do carro; Telefonar a alguém; Responder às questões, etc.

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Oración dubitativa (*se calhar vai / Talvez vá*).

Oración optativa (*Que sejas feliz!; Oxalá venha*).

Fenómenos de concordancia (nas oracións con *se*, tipo suxeito indeterminado en *Venden-se andares* e en construcións apasivantes tipo *Venden-se andares*).

A oración composta

Expresión de causa, tipo *por + infinitivo*; de finalidade tipo *para que + conxuntivo*; de condición con *se + futuro do subxuntivo* ou *no caso de + infinitivo*.

Relacións temporais (anterioridade tipo *antes que + subxuntivo*; simultaneidade como en *quando + futuro do subxuntivo*; *enquanto + futuro do subxuntivo*; posterioridade como en *Depois que*)

Sintagma nominal

Núcleo (substantivo e pronome):

Clases de substantivos (diferenzas de tamaño ou forma, como en *o barco/a barca*; o número, coas regras xerais e outros casos, alteración ou non de timbres vocálicos tónicos tipo *almoços vs. Acordos*; grao, cos diminutivos en *-zinho* como *automovelzinho*, en *-ito*, como *carrito* e o seu valor semántico e connotativo.

Pronomes persoais átonos e tónicos: colocación habitual enclítica dos pronomes átonos; colocación mesoclítica; casos de colocación proclítica; alomorfos dos pronomes átonos da 3ª persoa CD en posición enclítica e mesoclítica.

Modificación do núcleo: cuantificadores (numerais e outros, ordinais tipo *Quinquagésimo aniversario*); modificación do núcleo mediante sintagma adxectivo, sintagma preposicional e frase de relativo (Expresións cualitativas e a súa estrutura, tipo *O estúpido do rapaz* ou *A porcaria do meu carro*); o pronome relativo invariábel *quem*, en frases de relativo con clivaxe (*foi... que/quem/onde...: Foi ele que disse*).

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia (concordancia e posición dos elementos nas frases de relativo con clivaxe: *Fui eu que o fiz* ou *Fui eu quem fez...*).

Funcións sintácticas do sintagma: suxeito, CD, etc.

Sintagma adxectivo: modificación do núcleo mediante sintagma adverbial; posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia; funcións sintácticas do sintagma (predicativo do complemento, tipo *Acho este filme espectacular*).

Sintagma verbal: Núcleo verbal, incluíndo:

O tempo (coa expresión do pasado mediante o PPS do Ind. regulares e irregulares, PMQP simples e composto do Ind. con todas as formas regulares e irregulares, con *ter* como auxiliar no composto; a expresión do futuro mediante o Futuro do Ind. nas formas regulares e irregulares das 3 conxugacións; o Futuro Composto do Ind., o Futuro do Conxuntivo nas formas regulares e irregulares máis comúns das 3 conxugacións);

a modalidade (con a expresión da factualidade no indicativo, a necesidade con *ser preciso/necesário que + conxuntivo*, a obrigaón, con *ser obrigatório que + conxuntivo*, a posibilidade, con *ser possível que + conx.*, *talvez + conx.* *Se callar + indicativo*, futuro do indicativo, futuro composto do indicativo.; da prohibición co imperativo negativo formal e informal, incluíndo as formas irregulares, *não ser possível/ser impossível + conxuntivo*; ordes e instrucións, consellos e suxestións, con imperativo afirmativo e negativo formal e informal, incluídas as formas irregulares; da intención, con *querer que + conxuntivo*; o conxuntivo, incluído o presente nas formas regulares e irregulares máis usuais, e o futuro.

O infinitivo (flexionado vs non flexionado) e o infinitivo composto.

A voz activa e a pasiva, incluíndo as formas irregulares do participio usadas na voz pasiva.

Modificación do núcleo mediante a negación

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia, tipo a posición de *talvez* e a escolla do modo: *Talvez venha amanhã/Vem talvez amanhã.*

Función sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc)

Sintagma adverbial. O núcleo adverbial, incluíndo:

Formación de adverbios co sufixo *-mente*

adverbios fráscos, modalizadores da oración, tipo *Possivelmente haverá eleições no próximo ano.*

Locucións adverbiais máis frecuentes.

Modificacións do sintagma mediante sintagma adverbial.

Posición dos elementos.

Funcións sintácticas do sintagma.

Rexencias preposicionais dos verbos máis frecuentes, tipo *Falar nesse tema/desse tema;*

Aproximar-se do carro; Telefonar a alguém; Responder às questões, etc.

c) Contidos fonéticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Vogais e ditongos orais (tónicas/átonas; abertas/fechadas).

Contraste entre as vogais a, e, o abertas e fechadas (vocalismo da conxugación verbal)

Redución vocálica (regra xeral e excepcións máis frecuentes (tipo na derivación con sufixos –mente e –zinho, consoantes etimolóxicas, -l no fin da sílaba, etc).

Sons e fonemas consonánticos.

Acento fónico (dos elementos lexicais isolados e dos elementos do sintagma e da oración, como grupos fónicos e tónicas e átonas no grupo fónico).

Curvas de entoación e pautas básicas de entoación.

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Vogais e ditongos orais (tónicas/átonas; abertas/fechadas).

Contraste entre as vogais a, e, o abertas e fechadas (vocalismo da conxugación verbal)

Redución vocálica (regra xeral e excepcións máis frecuentes (tipo na derivación con sufixos –mente e –zinho, consoantes etimolóxicas, -l no fin da sílaba, etc).

Sons e fonemas consonánticos.

Acento fónico (dos elementos lexicais isolados e dos elementos do sintagma e da oración, como grupos fónicos e tónicas e átonas no grupo fónico).

Curvas de entoación e pautas básicas de entoación.

d) Contidos ortográficos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Sistema de escrita: o alfabeto (representación gráfica de fonemas e sons, correspondencia letras-fonemas, algúns casos particulares (o fonema /z/ no grupo –ns- tipo *trânsito* ou *transeunte*; secuencias coa letra x: palabras como *têxtil*, *êxito*, *ex-aluno*, *ex-professor*).

Os contidos do primeiro cuadrimestre serán os seguintes:

Uso de caracteres: maiúscula e minúscula, itálico e negrito.

Regras xerais de acentuación, casos especiais tipo formas verbais en contacto con alomorfos dos pronomes átonos en posición enclítica ou mesoclítica, acento e til nasal tipo *órgão*, acento en hiatos e ditongos en palabras frecuentes e nas formas verbais.

Sinais de puntuación (uso do hífen con función de paréntese) e división das palabras no fin da liña.

3.2. Competencias socioculturais

Non tendo un punto específico na programación, conforme se establece no Decreto 191/2007, será tida en conta na escolla dos materiais didácticos. Común a todo o nivel básico, procurará a adquisición de coñecementos sobre a sociedade, mentalidade e cultura dos países lusófonos, para axudar a conseguir unha comunicación efectiva, dentro de unha perspectiva intercultural, con destaque para as seguintes áreas, abordadas por igual ao longo de todo o ano lectivo:

A vida cotiá (distribución do día e a rutina diaria, horarios, hábitos de alimentación, o mundo do traballo, ciclos anuais, actividades de tempos libres, etc.

Convencións sociais e fórmulas de cortesía, convites, cumprimentos, presentacións, tabús, etc.

Condições de vida, de habitación, laborais, sanitarias, de transporte, educativas, etc.

Servizos públicos (de comunicación, transporte, etc.)

Relacións persoais (sociais e familiares, profesionais, coas administracións públicas, etc.)

Valores, crenzas e actitudes.

Linguaxe corporal e sons paralingüísticos.

3.3. Competencias extratécnicas

Competencias estratéxicas

É importante facer comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o futuro desenvolvemento da competencia comunicativa, especialmente no nivel básico, e para que poidan autodirixir consciente e intencionalmente a súa aprendizaxe. Estas estratexias non serán avaliadas directamente, aínda que o maior ou menor grao de aplicación destas inflúa na consecución dos obxectivos. As estratexias que é preciso ter en conta para axudar o estudantado a comprender, aprender ou lembrar nova información son, entre outras:

Estratexias de aprendizaxe

As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Algunhas estratexias son:

Estabelecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.

Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua.

Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás diferentes tarefas e contidos lingüísticos.

Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás diferentes tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.

Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñíbeis tanto dentro coma fora da sala de aulas e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.

Recoñecer e percibir a función dos diferentes tipos de actividades así como das diversas funcións do profesor.

comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.

Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.

Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).

Tomar notas de palabras-chave encanto se escoita ou se le.

Empregar recursos para destacar a información importante de un texto.

Utilizar diferentes técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as tabelas de clasificación.

Utilizar a linguaxe aprendida á medida que se adquire.

Aproveitar a presenza de nativos ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para clarificar, verificar ou corrixir.

Tolerar a comprensión parcial ou onda nunha situación comunicativa.

Valorar e reforzar a motivación como chave do suceso na aprendizaxe.

Solicitar axuda, correccións, esclarecementos ou confirmacións.

Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.

Saber traballar en equipo, considerando os colegas como outra fonte máis de aprendizaxe.

Estratexias de expresión

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

Planificar o texto na súa estrutura básica.

Ensañar o texto oral ou escrito (p.e., gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas, subliñar...).

Adequar de forma básica o texto (oral ou escrito) ao destinatario, ao contexto e ao canal.

Aproveitar os coñecementos previos (p.e., utilizar a linguaxe da que se sente moito seguro...).

Experimentar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.

Utilizar procedementos lingüísticos (p.e., aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua. moito sinxelo, parafrasear, usar a lingua. materna ou «estranxeirizar » palabras desta...) ou extralingüísticos (p.e., facer ver aquilo ao que quer referirse sinalando co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).

Valorar se se conseguiran ou non os obxectivos propostos (p.e., no caso de textos orais, analizar a reacción do interlocutor ou da audiencia...).

Consultar as posíbeis dúbidas e corrixir os erros.

Estratexias de Comprensión

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

Identificar o tipo de texto adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.

Decidir con antelación prestar especial atención a diferentes aspectos do texto oral ou escrito (p.e., comprender o sentido xeral, procurar información específica...).

Predicir e facer hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.

Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos do nivel.

Identificar o contexto e os coñecementos adecuados a ese contexto.

Estabelecer expectativas ou facer hipóteses a respecto da organización e ao contido do texto.

Deducir e inferir do contexto o significado probable das palabras ou frases que descoñece.

Identificar o tema e a idea principal de un texto.

No caso de textos escritos, utilizar ferramentas como subliñar ou tomar notas para alcanzar unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

Tratar de lembrar as palabras ou estruturas novas aprendidas.

Estratexias de interacción

Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende atinxir.

Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.

Resolver de forma básica dúbidas ou bloqueos na comunicación, gañando tempo para pensar.

Cooperar co interlocutor para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou esclarecementos cando for preciso.

Efectuar, de forma básica, as repeticións, esclarecementos e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.

Valorar se se comunicou ou non o que se desexaba.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de catro actividades de lingua:

- Comprensión de textos escritos
- Produción, coprodución e mediación de textos escritos
- Comprensión de textos orais
- Produción, coprodución e mediación de textos orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a”, “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado de nivel Básico A2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas na convocatoria ordinaria.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

4.1.2. Mínimos esixíbeis

É quen de comprender o sentido xeral de textos sinxelos que falen sobre temas básicos e reconece o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece, articulado lentamente e nunha linguaxe estándar e tamén de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.

É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes empregando expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas.

É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.

É capaz de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo utilizando estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes.

É capaz de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas interatuando de xeito sinxelo en conversas breves garantindo a comunicación, aínda que presente erros

É quen de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación.

É capaz de reconecer a empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas e sabe empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.

É quen de refacer para que sexa máis simple e comprensíbel o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

Avaliación inicial (ou de diagnóstico): o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

Avaliación de progreso (ou formativa): nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso despois do primeiro cuatrimestre.

Avaliación de promoción (ou sumativa): Os departamentos didácticos faranlle as probas finais de promoción de xuño ao alumnado presencial dos cursos que non certifican.

Avaliación certificadora: O alumnado oficial terá a dúas convocatorias para certificar o nivel, a ordinaria de maio/xuño e a extraordinaria de xuño. Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua. A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel A2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

A autoavaliación: sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentárase a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acadou os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxectivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsábel ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará o alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

Para poderen acceder ao nivel Intermedio B1, as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.

Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.

Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probábel de palabras ou frases que descoñece.

Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.

4.3.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).

Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.

4.3.5. Actividades de mediación

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensíbel a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

NIVEL INTERMEDIO

NIVEL B1

1. Obxectivos xerais

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiáns ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluencia suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixíbel, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos cotiáns, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de interese persoal.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos cotiáns, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoábel corrección un repertorio léxico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicíbeis e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos cotiáns ou de interese persoal.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender as principais ideas de unha conversa ou discusión articuladas con clareza e en lingua padrón, en que sexan abordados asuntos cotiáns relacionados co traballo, a escola, o tempo de lecer...

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións simple se breves sobre asuntos cotiáns, sempre que foren desenvolvidos cunha pronuncia padrón e clara.

Captar as ideas principais de textos audiovisuais, mensaxes, anuncios e outro material gravado simple que traten asuntos do día a día cando foren articulados con relativa lentitude e clareza.

Comprender informacións técnicas simples como, por exemplo, instrucións de funcionamento de aparellos deu so frecuente.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como por exemplo a axuda dos acenos, da entoación, dos coñecementos doutras linguas; extrapola do contexto o significado de termos descoñecidos e deducir o significado das oracións, sempre que sexan sobre asuntos do seu interese e relacionados coa súa especialidade.

Comprender a información concreta de unha conversa informal, que trate temas cotiáns ou relacionados co traballo, cunha articulación clara, padrón e de velocidade media.

Acompañar as ideas principais de un debate longo sobre temas coñecidos e previsíbeis, articulado con clareza e nun nivel de lingua padrón, podendo incluír expresións fixas, locucións e estruturas idiomáticas moito frecuentes.

Comprender suficientemente o contido de conversas formais e reunións de traballo, relativas á súa especialidade e articuladas a unha velocidade normal, estruturadas con clareza e sen moitos usos idiomáticos.

Comprender a maior parte dos filmes e representacións teatrais, programas de TV, textos audiovisuais ou material gravado, en que se fale articulando con clareza, cun nivel de lingua padrón e unha trama simples e previsíbel, e en que existan, se for o caso, apoios visuais de carácter redundante.

Comprender información técnica simples e seguir indicacións en pormenor, se expostas ordenadamente e a velocidade media.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante o uso de claves lingüísticas e non lingüísticas.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Iniciar, manter e terminar conversas e discusións simples cara a cara sobre temas cotiáns, de interese persoal e que pertinentes para a vida diaria (por exemplo, familia, hobbies, viaxes...).

Ofrecer e convidar outras persoas a expresaren puntos de vista e opinións persoais en discusións informais sobre temas de interese.

Desenvolverse en transaccións comúns da vida cotián como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras; trocar, comprobar e confirmar informacións con certo pormenor.

Participar en discusións informais que implican unha troca de información sobre factos concretos ou en que son dadas instrucións ou solucións a problemas prácticos no ámbito cotián e sempre que se fale con clareza e na lingua padrón.

Realizar descricións simples sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese.

Expresar crenzas, opinións, acordos e desacordos en conversas informais.

Facer declaracións públicas, breves e ensaiadas que, a pesar de denotaren acento e entoación inconfundibelmente estranxeiros, son claramente intelixíbeis. Presentarse e trocar información básica e simples sobre unha ou un propio e sobre outras persoas, expresar gostos, preferencias e intereses sobre temas cotiáns.

Realizar entrevistas preparadas, comprobando e confirmando a información, aínda que precise de repeticións se a resposta da outra persoa for rápida e cumprida.

Empregar estratexias para iniciar, manter e finalizar unha conversa ou unha discusión.

Estabelecer contactos sociais con certa fluencia, sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de cortesía, de inicio, manutención e encerramento da interacción e expresións fixas e frecuentes e cunha diversidade ampla de funcións lingüísticas.

Desenvolverse en transaccións da vida cotián, enfrontando con relativa naturalidade e fluencia situacións variadas, e contribuír con argumentos ou explicacións básicas, mais con eficacia e facéndose comprender.

Expresar puntos de vista con clarezza en discusións formais e reunións de traballo, ofrecendo breves argumentacións e expresando opinións de forma básica, eficaz e comprensíbel.

Realizar con suficiente fluencia descrições e narracións simples, seguindo unha secuencia linear de elementos, expondo experiencias, factos, esperanzas, aspiracións e crezas.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema do seu interese, coa suficiente clarezza como para poder ser seguido sen dificultade –podendo ser precisos esclarecementos ou repeticións–, explicando as ideas principais cunha precisión razoábel e respondendo adecuadamente ás preguntas que foren feitas.

Acompañar unha entrevista simple estruturada, cun guión establecido con anterioridade, e confirmar nela información, realizar preguntas complementares ou responder a elas, se son previsíbeis, tomar a iniciativa de mudar de tema ou formular comentarios ao interlocutor.

Empregar estratexias de cooperación e así contribuír para manter a interacción, asegurando a comprensión.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Encontrar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián, como poden ser cartas, catálogos e documentos oficiais breves.

Ler textos simples sobre factos concretos que tratan sobre temas relacionados co seu campo de interese, cun nivel de comprensión satisfactorio.

Comprender a descrición de factos, sentimentos e desexos que aparecen en cartas persoais.

Comprender instrucións técnicas simples escritas con clarezza e coa axuda de apoio visual.

Recoñecer ideas significativas de artigos de xornal simples que tratan de temas cotiáns.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, por exemplo, extrapolar do contexto o significado de termos descoñecidos e deducir o significado das oracións, axudarse de materiais de consulta, dos coñecementos doutras linguas, etc.

Acompañar de modo xeral a liña argumental de un texto narrativo ou literario contemporáneo, se tiver estrutura simple e amplo repertorio lexical, sen usos idiomáticos rexionais ou sociais, e mesmo se non for posíbel entendelo por completo.

Localizar a información necesaria nun texto extenso ou en varios co fin de realizar unha tarefa específica.

Distinguir, en textos informativos, narrativos, argumentativos e descritivos escritos en lingua padrón, as ideas e conclusións principais e recoñecer información específica se o asunto é coñecido.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, mediante claves lingüísticas e tamén non lingüísticas.

2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir notas que transmiten información simples de carácter inmediato en que resaltan os aspectos importantes.

Escribir textos simples e cohesionados sobre unha serie de asuntos cotiáns dentro do seu campo de interese ligando unha serie de diferentes elementos breves.

Escribir composicións curtas e simples sobre asuntos de interese ou un facto determinado.

Escribir informes moi breves en formato convencional con información sobre factos habituais e os motivos de certas accións.

Tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes durante unha conferencia simples, sempre que o tema for coñecido e o discurso se formular de un modo simples e se articular con clareza.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos establecidos ou convencionais- que requiran datos persoais, académicos ou profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.

Resumir textos impresos breves sobre asuntos cotiáns.

Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñíbel e limitando a mensaxe a aquilo que é lembrado ou aos medios de que se dispón para se expresar.

Redixir textos simples, coherentes e cohesos, atendendo ao aspecto formal, á corrección ortográfica e á puntuación, para os tornar comprensíbeis para o lector ou lectora.

Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con relativa precisión.

Resumir información de diversas fontes e realizar paráfrases simples de fragmentos breves escritos, recorrendo ás palabras e á ordenación do texto orixinal.

Facer descrições, narracións, presentacións e cartas persoais sobre experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, en textos simples, en

lingua padrón, organizados con orden e clareza, cohesionados e con riqueza de vocabulario suficiente para garantir unha expresión eficaz nos temas adecuados.

Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñíbel e obtendo a comunicación cos medios de que se dispón para se expresar.

2.5. Actividades de mediación

Transmitirlles oralmente a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

Interpretar en situacións cotiáns durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitrionas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.

Interpretar durante intercambios simples, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.

Mediar en situacións cotiáns e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas, un problema doméstico...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posíbeis solucións ou vías de actuación.

Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.

Tomar notas breves para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo:

Din respecto ao coñecemento que o alumno ou a alumna posúe dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizaren funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de Expresión, mais considerase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

Intermedio B1

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo:

| | |
|----------------------------------|--|
| <i>Usos sociais da lingua:</i> | <p>En situacións formais e informais, dirixirse a alguén, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas, desculparse, agradecer, presentarse e presentar outras persoas, felicitar, eloxiar, convidar.</p> <p>Dirixirse a alguén. Pedir desculpas. Agradecer. Felicitar. Convidar. Interesarse por persoas. Louvar. Reaccionar perante unha información con Expresións que mostren o sentimento adecuado á situación.</p> <p>Encetar e concluír unha conversa telefónica.</p> <p>Reaxir perante unha información con Expresións que mostren o sentimento adecuado á situación.</p> |
| <i>Controlo da comunicación:</i> | <p>Manifestar comprensión e incompreensión.</p> <p>Reformular unha palabra ou Expresión para facilitar a comprensión.</p> <p>Pedir ao interlocutor a confirmación da comprensión.</p> <p>Solicitar axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión (falar devagar, soletrar, repetir, preguntar o significado de unha palabra ou Expresión).</p> <p>Encher con pausas ou Expresións de dúbida encanto se procura o elemento en falta.</p> <p>Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.</p> |
| <i>Información xeral:</i> | Pedir e dar información sobre datos persoais. Pedir e |

| | |
|--|---|
| | <p>dar información sobre lugares, horario, datas, prezos, cantidades e actividades.</p> <p>Preguntar ou expresar se existe algo, e se se sabe unha cousa. Indicar posesión. Indicar onde e cando acontece algunha cousa. Referir accións cotiáns presentes.</p> <p>Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc. Intercambiar informacións sobre asuntos cotiáns (actividades, normas, costumes, sucesos). Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc). Referirse a accións cotiáns no presente, no pasado e no futuro.</p> <p>Describir persoas, obxectos e lugares.</p> <p>Resumir, repetir e transmitir información.</p> <p>Trocar información sobre asuntos do cotián: actividades, normas, costumes, acontecementos.</p> <p>Indicar pose.</p> <p>Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).</p> |
| <p><i>Coñecemento, opinións e valorizacións:</i></p> | <p>Valorizar un facto, expresar interese, preferencia e gustos (contrarios). Afirmar ou negar unha cousa. Mostrar acordo total ou parcial, satisfacción e conformidade (e contrarios). Xustificar unha opinión ou unha actividade. preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguranza e inseguranza.</p> <p>Exprimir reticencias, obxeccións.</p> <p>Exprimir e contrastar opinións.</p> |
| <p><i>Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimentos:</i></p> | <p>Vontade, intención, desexo para si e para outros, sentimentos en relación a outras persoas (agradecemento, afecto, admiración...).</p> <p>Estados de ánimo, emocións, sensacións e sentimentos (sorpresa, alegría, mágoa, enfado, esperanza, etc). Desculparse e aceptar desculpas. Compartillar sentimentos e reaxir adecuadamente perante eles (acougar, dar forzas, exprimir condolencia, etc. Expresar queixa e reclamación.</p> <p>Louvar os contrarios. Expresar intereses, preferencias</p> |

| | |
|--|--|
| | <p>e gustos (e contrarios). Afirmar e negar algunha cousa. Mostrar acordo, satisfacción (e contrarios). Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento, seguranza ou inseguranza. Estados de saúde, sensacións e sentimentos.</p> <p>Sentimentos a respecto de outro: agradecemento, afecto, admiración, etc.</p> <p>Partillar sentimentos e reaxir adecuadamente perante eles: acalmar, encoraxar, exprimir condolencia, etc.</p> |
| <i>Pedido de instrucións e suxestións:</i> | <p>Pedir axuda, obxectos e servizos. Convidar e reaxir adecuadamente. Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas e condicións.</p> <p>Expresar imposibilidade, posibilidade, obrigación ou prohibición de facer algunha cousa. Pedir, conceder ou recusar permisión (con ou sen obxeccións). Dar instrucións, avisos e ordes, aconsellar, recomendar e encoraxar a facer algunha cousa. Previr, advertir, transmitir un pedido. Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaxir perante suxestións. Planificar unha actividade. Convidar, combinar.</p> <p>Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. Suxerir unha actividade.</p> |
| <i>Organización do discurso</i> | <p>Dirixirse a alguén. Iniciar a intervención en situacións formais e informais. Pedir, tomar e ceder a palabra. Reaxir e cooperar na interacción. Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da interacción.</p> <p>Introducir un tema en situacións formais e informais.</p> <p>Introducir unha secuencia, un caso menor engrazado ou unha opinión.</p> <p>Enumerar, opor, exemplificar, esclarecer aspectos, mudar de tema, resumir.</p> <p>Anunciar o encerramento do discurso e encerralo.</p> <p>Relacionar e tornar coheso un discurso.</p> <p>Principiar conversas telefónicas, presentar, esperar, dar aviso, despedirse ao telefone. Controlo da comunicación.</p> <p>Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxes utilizados.</p> |

| | |
|--|---|
| | Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan. |
|--|---|

b) Contidos discursivos

- Coherencia e cohesión

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo:

Coherencia

Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas e ofrecer información suficiente e relevante para atinxir o propósito comunicativo.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfrenta ou que produce.

Recoñecer e usar un rexistro básico, formal ou informal, dentro do padrón, consoante o grao de familiaridade co interlocutor ou interlocutora (tratamentos, xestos e actitudes.).

Organizar a información, aínda que sexa de modo linear, de forma coherente e unitaria, evitando contradicións e repeticións.

Seleccionar o léxico e as estruturas sintácticas suficientes para atinxir o propósito comunicativo Segundo o tema que se tratar.

Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos que aborda ou que produce, recollidos na epígrafe “Tipoloxía de textos”.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión

Utilizar fórmulas adecuadas e simples para mudar de tema ou continuar con ele.

Utilizar recursos simples para iniciar, desenvolver ou concluír un texto escrito ou oral.

Utilizar recursos simples para evitar repeticións innecesarias.

Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos.

Utilizar os padróns básicos de entoación propios da situación comunicativa.

Usar elementos deícticos para ser referir a conceptos referidos antes.

Utilizar os conectores máis frecuentes para ligar oracións.

Usar as concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Cohesionar o texto, retomando a información, con recursos simples.

Iniciar, desenvolver e finalizar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e finalizar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a vez para falar en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar unha certa variedade de conectores discursivos para iniciar, continuar, acrecentar, exemplificar e concluír.

Manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tais como a correferencia (por exemplo, o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancia de tempos verbais...), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar o discurso de maneira que se distinga con clareza o tema principal dos temas secundários.

Utilizar unha certa variedade de conectores básicos para expresar relacións lóxicas tais como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer e utilizar a reformulación como recurso para garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os padróns de entoación adecuando-os á situación comunicativa.

Utilizar con corrección os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe “Tipoloxía de textos”.

- [Tipoloxía de textos](#)

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo.

Eis a lista de textos orais e escritos correspondentes ao Básico 2, cuxa complexidade deberá ser a apropiada ao nivel inicial:

Oral:

Mensaxes

Anuncios (instrucións e indicacións)

Avisos

Horarios

Entrevistas

Transaccións e xestións

Ementas

Partes meteorolóxicos

Partes informativos

Exposición e presentación pública

Conversa á cara

Conversas telefónicas e mensaxes gravadas

Contos, historias e episodios engrazados

Presentacións

Comerciais na radio, televisión, internet e por altofalantes.

Instrucións e indicacións pormenorizadas.

Conversas face a face e en grupo.

Reunións de traballo.

Debates.

discusións formais.

Entrevistas: académicas, médicas, para un emprego...

Inquéritos.

Textos audiovisuais: filmes, programas da TV ou de radio, noticiarios, documentais, material gravado.

Conferencias, presentacións e declaracións públicas.

Cancións.

Representacións teatrais.

Conversas telefónicas e mensaxes en atendedores de chamadas.

Escrito:

Fichas, formularios, cuestionarios e inquéritos

Listaxes

Horarios

Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos

Etiquetas de produtos e embalaxes

Billetes e entradas

Correspondencia persoal (cartas, cartóns postais, correos electrónicos, telefax, convites, felicitacións, cartóns de visita...)

Correspondencia formal

Anuncios (instrucións e indicacións)

Cartaces, letreiros e sinais

Notas e mensaxes

Ementas

Textos xornalísticos (noticias, ofertas de emprego...)

Textos literarios simples

Currículos

Manuais de instrucións

Notas e mensaxes

Axendas e diarios

Tiras cómicas

Folletos

Receitas de cociña

Horóscopos

Programacións de radio e de televisión

Cartaz de espectáculos

Anuncios publicitarios (en paineis, na prensa, etc.) e anuncios clasificados.

Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, faxes, billetes, mensaxes, convites, felicitacións, etc.)

Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas).

Relatorios.

Resumos e esquemas.

Apuntamentos.

Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais).

Bandas deseñadas e tiras cómicas.

Documentos oficiais (formularios, impresos...).

Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais...).

Catálogos.

Manuais de instrucións.

Guións.

Curriculum.

Dicionarios e tesouros.

Prospectos.

Receitas de cociña.

Adiviñas.

Biografías.

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñíbeis, senón tamén saber utilízalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións.

As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións

sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes.

Por outra parte, cada lingua é reflexo da súa realidade social. Polo tanto, os contidos que se enumeran a seguir teñen que ser adaptados á realidade específica da lingua. Desenvolveranse ao longo dos cursos B1 e B2.1 de acordo cos obxectivos propios de cada un deles.

Convencións sociais: establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

Finalización do contacto: despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

Expresión axeitada de sentimentos: alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (formación e experiencia laboral, descrición do carácter).

Habitación, lar e ambiente próximo (*mobília, aparellos electrodomésticos, vivenda*).

Tempos libres (*hobbies e intereses*).

Organización do traballo. Condicións de traballo.

Linguas estranxeiras.

Tempos libres e actualidade. Descrición das actividades de lecer e culturais (locais e instrumentos usados en actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.). Acontecementos do momento.

Viaxes e transportes (ferías, aloxamento, equipaxe, documentación, locais de interese turístico). Entrada e saída de un país. Comunicación con empregados de locais para aloxamento. Planificación das ferías. Viaxes ligadas ao turismo (*agência de viagens, monumentos...*)

Relacións humanas e sociais (actos sociais, festas, reunións, correspondencia formal). Tipos e formas de relacionamento social (*dar-se bem / mal, conflitos, etc.*). Formas de tratamento. Asociacións.

Saúde e cuidados físicos (accidentes, saúde e doenzas). Posición do corpo e movementos, sensacións e percepcións físicas. Especialidades médicas. Servizos de saúde. Accidentes e lesións. Síntomas de doenzas. Drogas e dependencias.

Educación (centros de ensino, tipos de estudo). Actividades escolares. Nomes de materiais. Titulacións. Servizos de educación (*matrícula, bolsa, propina*, etc.). Exames.

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (preferencias e crenzas, o aspecto físico).

Habitación, lar e ambiente próximo (espazo próximo, aluguer, servizos de áuga, luz e aquecemento).

Tempos libres (*hobbies e intereses*).

Organización do traballo. Condicións de traballo.

Linguas estranxeiras.

Tempos libres e actualidade. Descrición das actividades de lecer e culturais (locais e instrumentos usados en actividades deportivas, xéneros cinematográficos, etc.). Acontecementos do momento.

Viaxes e transportes (ferías, aloxamento, equipaxe, documentación, locais de interese turístico). Entrada e saída de un país. Comunicación con empregados de locais para aloxamento. Planificación das ferías. Viaxes ligadas ao turismo (*agência de viagens, monumentos...*)

Relacións humanas e sociais (actos sociais, festas, reunións, correspondencia formal). Tipos e formas de relacionamento social (*dar-se bem / mal, conflitos*, etc.). Formas de tratamento. Asociacións.

Compras e actividades comerciais (artigos para a casa, moda e vestido). Relacións co persoal comercial. Compra de alimentos.

Alimentación (comida, preparación, sabores, materiais e utensilios). Convites e brindes. Comer fora. Características de comidas e de bebidas. Relacións co persoal de hotelaría. Elaboración de comidas e bebidas. Produtos alimentares.

Bens e servizos (bancos, institucións, servizos médicos, servizos sociais). Policía

Automóbil. Posto de gasolina e aluguer de vehículos.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente (previsións meteorolóxicas, paisaxe, campo, cidade). cualificativos para o ambiente. Partes da cidade. Flora e fauna. Problemas ambientais.

Ciencia e tecnoloxía (aparells de uso cotián). Instrucións de aparellos de uso cotián. Tecnoloxías da información e da comunicación.

b) Contidos gramaticais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Oración simples (casos especiais nos fenómenos de concordancia –*a maioria, a maior parte*).

Tipos de oracións.

Oración optativa: *Se eu pudeses ir contigo!; Tomara eu!*

Oración composta (expresión de relacións lóxicas a través de conxuncións como *e aínda, e mesmo*, disxuncións como *quer... quer..., ou entón*, formas concesivas como *apesar de + infinitivo*, as comparativas *conforme, segundo*, e temporais de simultaneidade con *ao + infinitivo*;).

Oposición: *não obstante + infinitivo / SN; por mais que + conxuntivo* e construcións análogas: *Por mais interessante que seja esse livro, não tenho tempo para o ler.*

Comparación: *como se + imperfecto do conxuntivo.*

Condición: *se + imperfecto / Máis-que-Perfeito do conxuntivo; caso + conxuntivo; desde que + conxuntivo.*

consecuencia: *quanto mais... (tanto) menos... e construcións análogas: quanto mais pratico, melhor falo em português.*

Causa: *Uma vez que: à partida deve ser melhor, uma vez que é um modelo mais recente.*

Finalidade: *com o fim de, com o intuito de + infinitivo.*

Relacións temporais:

Simultaneidade: *à medida que, na altura em que, ao mesmo tempo que: à medida que avançava, ia reconhecendo os locais da sua infância.*

Simultaneidade e oposición: *ao passo que: O João tirava boas notas, ao passo que o irmão chumbava.*

Posterioridade: *assim que; logo que: assim que tiveres chegado a casa, telefona.*

O sintagma nominal (o núcleo substantival e pronominal)

Xénero do substantivo a través de *-ão/-oa* e *ão/-ona* en palabras frecuentes, como *patrão/patroa* ou *solteirão/solteirona*, o número do substantivo nas palabras máis frecuentes con alteración de timbre da vogal tónica 'o', como *olho, ovo, almoço*; regra xeral e outros casos. Femininos en *-esa / -esa / -isa / -ina* en palabras frecuentes (p.ex., *poetisa, heroína*).

O estudo do grao no referente aos diminutivos máis usuais en *-zinho*, como *cãozinho*, *papelzinho*, *mãezinha*, e os diminutivos plurais, como *cãezinhos*; os pronomes persoais átonos e tónicos, incluíndo os casos frecuentes de colocación proclítica con *tudo*, *todos* e *ainda*, os nomes reflexos átonos e tónicos, incluíndo *si* como forma de respecto, pronomes indefinidos variábeis e invariábeis; os sintagmas modificadores do núcleo, tanto adxectivais como preposicionais e as frases de relativo, o pronome relativo variábel *o qual*).

Número: regra xeral e outros casos. Alteración / non alteración do timbre da vogal tónica: *almoços* vs. *acordos*.

Grao: aumentativos irregulares máis frecuentes (p.ex., *rapagão*).

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Pronomes.

persoais: tónicos e átonos.

Combinacións de pronomes átonos CD e CI.

Modificación do núcleo.

Determinantes.

Cuantificadores: numerais e outros cuantificadores. Partitivos: *a décima parte*. Outros cuantificadores: *centenas de pessoas*, *milhares de pessoas*. Uso de calquera para a cuantificación negativa: *Não há qualquer indício*. Expresións cuantificadoras: *um monte de coisas*, *uma data de documentos*.

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

Posición dos adxectivos e mudanza de significado: *uma bela casa* / *uma casa bela*, etc.

O sintagma adxectivo (o núcleo adxectivo e o seu xénero a través de *-ão/-ona* en casos frecuentes, como *aldrabão/aldrabona* e noutros casos con timbre da vogal tónica 'o' nas palabras máis frecuentes, como *guloso/gulosa*; o número nas palabras máis usuais con alteración de timbre na vogal tónica, como *guloso/gulosa*; o grao superlativo nas súas formas irregulares en *-imo* máis frecuentes, como *facílimo* e *difícilimo*).

Sufixos e prefixos habituais nos adxectivos: *vermelho* -> *avermelhado*, *amarelo* -> *amarelado*, *branco* -> *esbranquizado*, etc.

O sintagma verbal

Formas regulares e irregulares das tres conxugacións no presente do indicativo

A expresión do pasado a través do pretérito perfecto simple do indicativo, nas súas formas regulares das tres conxugacións e nas formas irregulares dos verbos máis frecuentes

O pretérito perfecto composto do indicativo, coas formas regulares do participio das tres conxugacións e as formas irregulares máis usuais do mesma

A expresión do futuro, mediante a perífrase *haber de + infinitivo*

O aspecto verbal, incluíndo o contraste entre iterativo e durativo/puntual mediante o pretérito perfecto composto do indicativo e o pretérito perfecto simple do indicativo

A modalidade, incluíndo a necesidade mediante as formas *precisar de/necessitar de + inf.* e *ser preciso/necesário + inf.*

A capacidade, mediante *ser capaz de+ infinitivo*, a obrigaón, a través de *ser obrigatório + inf*, a permisión, utilizando *ser possível/permitido + inf* e o imperativo afirmativo formal e informal nas súas formas regulares e irregulares.

A prohibición, mediante o imperativo negativo formal e informal, nas súas formas regulares e irregulares, ben como a través das expresións *não ser possível/ser impossível/ser proibido + inf.*

Ordes e instrucións, incluíndo o imperativo afirmativo e o negativo formal e informal nas súas formas regulares e irregulares,

A intención, con *haber de + inf*

O infinitivo persoal, nas súas formas e usos máis frecuentes; a voz activa e as formas máis usuais da voz pasiva, tipo *ontem fui asaltada* e vendo os participios máis usuais que interveñen).

Condiciónal (de cortesía).

Expresión do futuro.

Futuro do conxuntivo: formas regulares e irregulares.

O condicional como futuro do pasado.

Modalidade.

Factualidade: Indicativo.

O conxuntivo.

Presente do conxuntivo: formas regulares e irregulares.

Futuro do conxuntivo.

Pretérito imperfecto do conxuntivo.

Formas regulares das tres conxugacións.

Formas irregulares dos verbos máis usuais.

Tempos compostos do conxuntivo: algúns usos frecuentes.

Imperfecto vs. Mais-que-Perfeito do conxuntivo nas oracións condicionais (cf. 2.1.4).

O condicional simple: formas regulares e irregulares.

O condicional composto: algúns usos frecuentes. Condicional simple / composto nas oracións condicionais (cf. 2.1.4).

Os valores modais do imperfecto e do Mais-que-Perfeito do indicativo. O seu uso nos mesmos contextos que o condicional simple e composto. Preferencias de uso: oral / escrito, formal / informal.

O sintagma adverbial.

Núcleo: adverbios.

Formación de adverbios co sufixo -mente.

Adverbios acabados en -mente coordinados: *pura e simplemente*.

Locucións adverbiais máis frecuentes.

O sintagma preposicional (o núcleo formado polas preposicións simples máis habituais, ben como as principais locucións prepositivas; a modificación do núcleo a partir de adverbios restritivos, tipo *mesmo*).

Posición dos elementos.

Funcións sintácticas do sintagma.

Rexencias preposicionais.

c) Contidos fonéticos

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo:

Sons e fonemas vocálicos (vogais e ditongos orais, incluíndo a distinción tónicas/átonas e abertas/fechadas; contraste entre as vogais a, e, o abertas e fechadas; oposición fonolóxica funcional en cantamos/cantámos e algúns casos frecuentes de oposición tipo *ovo/ovos, guloso/gulosa, gulosos, muito gosto/eu gosto*, e vocalismo da conxugación verbal; regra xeral da redución vocálica e algunhas excepcións frecuentes, tipo *normal, procurar* e derivados).

Sons e fonemas consonánticos (realizacións fonéticas do –s final de palabra).

Vogais e ditongos orais: tónicas / átonas; abertas / fechadas.

Contraste entre as vogais a, e, o abertas / fechadas.

Redución vocálica: regra xeral e excepcións máis frecuentes.

Sons e fonemas consonánticos.

Aparecemento de consoantes duplas por queda de e en posición átona: *Ele come muito*.

Encontros de consoantes por queda de e en posición átona: *Vou de carro*.

Acento fónico.

Dos elementos lexicais isolados.

Dos elementos do sintagma e da oración: grupos fónicos e tónicas e átonas no grupo fónico.

Curvas de entoación e pautas básicas de entoación.

d) Contidos ortográficos

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Sistema de escrita (o alfabeto; a representación gráfica de fonemas e sons; a correspondencia letras-fonemas; algunhas correspondencias da letra xis, en palabras como *próximo* ou *trouxe*).

Correspondencia fónica do e- inicial de palabra. Regra xeral: *exame, eleito, ementa*.

Casos particulares: palabras frecuentes comezadas por eco-: *ecografía, ecología* vs. *economía*.

Correspondencia entre sons e grafías en prefixos e sufixos frecuentes (p.e., *inter-*).

Os contidos do **segundo quadrimestre** serán os seguintes:

Ortografía de palabras estranxeiras.

Ortografía e pronuncia dos topónimos estranxeiros máis correntes: *Nova Iorque, Munique*, etc.

Ortografía e pronuncia dos estranxeirismos máis frecuentes. Casos máis frecuentes de adaptación gráfica opcional, tendo en conta a evolución da norma.

Sen adaptación gráfica: *site, stres, surf, diesel, etc.*

Con adaptación gráfica: *stresse, surfe, uísque, etc.*

Diferenzas básicas entre as normas ortográficas portuguesa e brasileira. Identificación da norma utilizada nun texto a partir de trazos ortográficos simples.

Uso dos caracteres: maiúsculas e minúsculas. Itálico e negrito.

Sinais ortográficos: acentos grave, agudo e circunflexo, til.

Regras xerais de acentuación.

Casos especiais.

Acentuación de hiatos e ditongos.

Sinais de puntuación.

División de palabras no fin da liña.

3.2. Competencias socioculturais

Os contidos serán abordados por igual en todo o ano lectivo.

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, o alumnado deberá adquirir un coñecemento sobre a sociedade, sobre a mentalidade e a cultura dos países e territorios en que se fala portugués. A ausencia de competencia sociocultural pode dificultar e por veces até impedir a comunicación. O desenvolvemento destes contidos encadrase nunha perspectiva intercultural, non tendo punto específico na programación, conforme se establece no Decreto 191/2007, será tida en conta na escolla dos materiais didácticos, incluíndo aspectos como:

A vida cotián: rutinas diarias, horarios, hábitos alimenticios, traballo, estacións, festas e ferías anuais, lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía asociadas a situacións da vida cotián: comportamento á mesa, convites, parabéns, presentacións, presentes, puntualidade, cumprimentos, despedidas, tabús, formas de vestir.

As condicións de vida: vivenda, mundo do traballo e das condicións laborais, procura de un emprego, sanidade, seguranza social, hábitos de saúde e de hixiene, transporte e sistema educativo.

Espazo xeográfico: paisaxes, condicións climatéricas, medio rural e medio urbano. Relacións entre eles.

Os servizos públicos, tais como telefone, correo, transportes, etc.

Os relacionamentos persoais: estrutura e relacións familiares, xeracionais, profesionais, entre grupos sociais, coas autoridades e coa Administración.

Os valores, crenzas, actitudes, festas populares, costumes, tradicións, celebracións significativas, relixións, comportamentos nos ritos sociais.

Tradicións e mudanza social.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: Expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, cualidade da voz, ton, volume, etc.

Artes, literatura, teatro, pintura...

A lingua e a sociedade: extensión xeográfica do portugués, estatuto e contacto con outras linguas.

3.3. Competencias estratéxicas

A competencia estratéxica pon en andamento procesos cognitivos que posibilitan o desenvolvemento da capacidade de aprender autonomamente e da capacidade de uso eficaz da lingua dela resultante, o que resulta na superación das dificultades que poderen surxir ao longo da comunicación. É preciso axudar o alumno ou alumna a comprender a importancia de esta competencia ser activada para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para dirixir a propia aprendizaxe de forma consciente e autónoma. Fan parte da competencia estratéxica as diferentes estratexias de aprendizaxe e de comunicación.

Estratexias de aprendizaxe

Estratexias metacognitivas

Tomar consciencia do proceso de aprendizaxe.

Coñecer os propios estilos de aprendizaxe.

Saber planificar a aprendizaxe, responsabilizar do proceso de aprendizaxe, adoptar unha postura activa.

Saber utilizar recursos de autoaprendizaxe fora da sala de aulas, regular e autoavaliarse, tratar de ser autónomo no proceso de aprendizaxe.

Incentivar a confianza na propia capacidade e fomentar posturas positivas, evitando o medo ao erro, superando o sentido do ridículo e desenvolvendo o espírito crítico.

Desenvolver o interese e a cooperación.

Establecer técnicas para memorizar.

Criar relacións mentais dentro dos textos, frases, grupos semánticos, rimas, etc.

Relacionar o que se viu co que se escoitou.

Empregar certas clasificación, etc. técnicas como repasos frecuentes.

Estratexias cognitivas

Relacionar a información nova coa anteriormente adquirida.

Observar os factos e formular hipóteses.

Desenvolver razoamentos dedutivos.

Reflectir sobre a relación entre a comunicación e a lingua (o facto comunicativo e os elementos da situación de comunicación).

Atinxir a comprensión indutiva e global mediante a dedución dos sistemas e regras de uso da lingua obxecto de estudo, a partir de textos contextualizados ou por analogías coa propia lingua.

Xeneralizar as regras observadas.

Comparar as características da lingua obxecto de estudo coas da lingua materna.

Tomar notas persoais, facer resumos e organizar unha gramática propia.

Utilizar técnicas de pronuncia e entoación: imitar de forma intencionada os falantes nativos ou memorizar textos representativos (cancións, poemas, refrán, frases difíciles, etc.) e repetilos con frecuencia.

Estratexias de comunicación

Planeamento

Activar ou procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas.

Tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas.

Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se há axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quer comprender (só o contido principal, informacións específicas ou informacións a varexo); do que se quer dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o interlocutor xa pode saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor; do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos de unha estrutura previa. Ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Rever e completar notas. Marcar palabras-chave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais e á situación. Decidir utilizar outro género textual (por exemplo, escribir unha postal en vez de unha carta). Decidir que género textual é o axeitado.

Decidir utilizar outro medio de comunicación (por exemplo, escribir un correo electrónico en lugar de deixar unha mensaxe no atendedor).

Limitar un tema a dúas ou tres ideas centrais. Planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñíbeis.

Aumentar a dificultade de unha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos.

Activar esquemas textuais / elaborar un rascuño de estrutura textual.

Introducir palabras-chave nun cadro (introdución, desenvolvemento, final). Preparar un texto de referencia (por exemplo, un currículo tirado da Internet). Tomar consciencia da distancia entre a lingua oral e a escrita. Lembrar posíbeis tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica. Practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar información sobre a súa idoneidade. Marcar fragmentos de textos difíciles. Practicar os posíbeis comezos de unha conversa e as posíbeis transicións entre textos.

Recoñecer as posíbeis dificultades de comprensión. Pensar en que factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar de un narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar de un texto. Pensar na propia lingua que vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación

Construír a partir do coñecemento existente. Utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos.

Desenvolver un tema cando este é coñecido polo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñíbeis. Consultar a ortografía correcta nun dicionario.

Consultar regras de gramática. Utilizar modelos (por exemplo, unha carta ou unha acta).

Utilizar programas de ordenador. Recorrer ás notas propias. Utilizar formas e/ou estruturas en textos semellantes.

Estruturar contidos / textos. Organizar cronoloxicamente elementos.

Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos.

Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Utilizar signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Marcar pasaxes importantes.

Dividir textos en diferentes partes.

Ter en conta palabras-chave para un tema.

Concentrarse en determinadas fórmulas utilizadas nas situacións concretas. Ter en conta as pausas e deducir delas as unidades informativas. Concentrarse en unidades de sentido.

Reproducir unidades de sentido.

Estruturar conversas. Dirixirse a alguén: tomar a palabra mediante avisos oportunos.

Manter no uso da palabra mediante o recheado de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias. Formular enunciados como preguntas e vice-versa. Acabar a conversa.

Cooperación. Aterse ás convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expreso por un co expresado por outro.

Remeterse par o expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprendeu. Introducir outra persoa na conversa.

Compensación e evitación. Parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis sinxelas. Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente emparentada. Inventar palabras ou deitar mao de palabras vacías, como por exemplo «coisa». Explicar un concepto:

por exemplo, o que se pode facer con ele ou como é. Sinalar. Utilizar a linguaxe corporal.

Evitar palabras difíciles. Apoiar nas palabras coñecidas para deducir as descoñecidas. Utilizar estruturas sinxelas (por exemplo: unha oración simples en vez de unha oración composta).

Citar en lugar de expor. Dirixir a conversa a un tema coñecido.

Identificar / deducir indicacións. Comprobar indicacións no contexto.

Prestar atención aos puntos centrais. Deducir do contexto palabras descoñecidas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda dos coñecementos doutras linguas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda das súas regras de composición. Prestar atención aos elementos non verbais en películas e vinde-os para comprender.

Tirar conclusións e facer predicións. Facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías.

Estabelecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas.

Deducir e anticipar posicións, intuítos e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Tirar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e a velocidade. Deducir intuítos baseando no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta...).

Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión. Repetir o comprendido. preguntar se se di do modo que un pensa.

Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Informarse sobre se o comprenderon. Voltar a outras partes do texto (por exemplo, ler máis unha vez o parágrafo anterior).

Pedir esclarecemento/clarificar: pedir-lles a outros que expliquen algo con maior precisión.

Solicitar repetición. Pedir que expliquen unha palabra-chave.

Dicir que non se percibiu algo. Verbalizar hipóteses non articuladas.

Preguntar.

Solicitar axuda. Pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedir-lle unha explicación a alguén. Pedir-lle a alguén unha tradución.

Controlar. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Voltar ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos.

Escoitarse a si mesmo.

Experimentar. Utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outro canal, por exemplo, escribir un correo electrónico en lugar de facer un telefónema telefónico.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a”, “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acadase un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria de xuño, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior o resultado da convocatoria ordinaria de xuño

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Para o alumnado presencial haberá unhas tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

4.1.2. Mínimos esixíbeis

É capaz de comprender, con certa dificultade, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalgunha variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

É quen de producir e coproducir, interactuando aínda con certa dificultade, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

É capaz de comprender, con certa dificultade, con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalgunha variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir, con certa dificultade, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.

É quen de mediar, con certa dificultade, entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Avaliación inicial

Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

Avaliación de progreso (ou formativa)

Para o alumnado presencial haberá unha tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre (febreiro). Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do

grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

A avaliación do grao de dominio das diferentes actividades de lingua ao longo do curso realizarase mediante as probas que se establecen a continuación:

Avaliación final de promoción

No mes de maio e/ou xuño celebrarase unha proba final de promoción nos cursos anuais non terminais de nivel. Esta proba final ordinaria terá un valor de 100% na nota final do curso.

Convocatoria extraordinaria

No mes de xuño o alumnado oficial non apto na convocatoria de maio/xuño terá a posibilidade de recuperar as actividades de lingua suspensas. Os alumnos non aptos deberán examinarse de tódalas actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria de maio/xuño. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Coñece e aplica á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.

Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

Distingue a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio moi común dos seus expoñentes, así como os patróns discursivos máis elementais relativos á organización textual.

Aplica á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización dos patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.

Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probábel de palabras ou frases que descoñece.

Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Aplica adecuadamente á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

Coñece, selecciona con atención, e **sabe aplicar** eficazmente e con certa naturalidade, estratexias adecuadas para producir textos orais monolóxicos e dialóxicos de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, as persoas interlocutoras e a canle de comunicación, e facendo un seguimento e unha reparación deste mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, xestión de pausas, variación na formulación...) de maneira que a comunicación se realice sen esforzo pola súa parte ou a dos/as interlocutores/as.

Consegue alcanzar os fins funcionais que pretende utilizando, de entre un repertorio variado, os expoñentes máis adecuados ao contexto específico.

Articula o seu discurso de maneira clara e coherente seguindo os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual, desenvolvendo descrições e narracións claras e detalladas, argumentando eficazmente e matizando os seus puntos de vista, indicando o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliando con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.

Demuestra un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que pode corrixir retrospectivamente, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

Dispón dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos á súa especialidade e intereses e sobre temas máis xerais e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

Adquiriu unha pronuncia e entoación claras e naturais.

Exprésase con claridade, con suficiente espontaneidade e cun ritmo bastante uniforme, e sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, e dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar puntos de vista e desenvolver argumentos, utilizando para isto algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que necesita.

Inicia, mantén e termina o discurso adecuadamente, facendo un uso eficaz das quendas de palabra, aínda que é posíbel que non sempre o faga con elegancia, e xestiona a interacción con flexibilidade e eficacia e de maneira colaborativa, confirmando a súa comprensión, pedindo a opinión da persoa interlocutora, invitando outros/as a participar e contribuíndo ao mantemento da comunicación.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Coñece coa debida profundidade, e aplica eficazmente á comprensión do texto facendo as inferencias adecuadas, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica nas cales se usa o idioma e os trazos específicos da comunicación escrita nestas, apreciando as diferenzas de rexistros e estilos estándar

Le cun alto grao de independencia, adaptando o estilo e a velocidade de lectura aos distintos textos e finalidades e aplicando eficazmente outras estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos/as autores/as, claramente sinalizadas.

Distingue a función ou funcións comunicativas, tanto secundarias como principais, do texto e aprecia as diferenzas de intención comunicativa e de significado de distintos expoñentes destas segundo o contexto e o xénero e tipo textuais.

Comprende os diversos significados asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos de diferentes xéneros e tipos textuais polo que respecta á presentación e organización da información.

Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas propias da lingua escrita en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización.

Conta cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes, que inclúe tanto un léxico xeral e máis específico segundo os seus intereses e necesidades persoais, académicas ou profesionais, como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesíbeis na linguaxe literaria; e identifica polo contexto palabras descoñecidas en temas relacionados cos seus intereses ou campo de especialización.

Recoñece os valores e significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, xerais e menos habituais, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Aplica adecuadamente á produción de textos escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, adaptando o rexistro e o estilo ou aplicando outros mecanismos de adaptación contextual para expresarse apropiadamente segundo a situación e o propósito comunicativos e evitar erros importantes de formulación.

Aplica con flexibilidade as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de certa lonxitude, detallados e ben estruturados, p. ex. desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria a partir dun esquema previo ou integrando de maneira apropiada información relevante procedente de diversas fontes.

Realiza as funcións comunicativas que persegue utilizando os expoñentes máis adecuados ao contexto específico de entre un repertorio variado.

Articula o texto de maneira clara e coherente utilizando adecuadamente, sen erros que conduzan a malentendidos, os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual e os recursos de cohesión de uso común e máis específico para desenvolver descrições e narracións claras e detalladas, argumentar eficazmente e matizar os seus puntos de vista, indicar o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliar con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes

Demostra un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que non afecta a comunicación, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

Dispón dun amplo léxico escrito de uso común e sobre asuntos relativos ao seu campo de especialización e intereses e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

Utiliza con razoábel corrección, para que sexa bastante comprensíbel aínda que poida manifestar influencia da(s) súa(s) lingua(s) primeira(s) ou outras, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva...) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en soporte papel como dixital.

4.3.5. Actividades de mediación

Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos no texto fonte (orais ou escritos).

Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.

Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasladada ás persoas destinatarias ou solicitada con anterioridade para tela dispoñible.

Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.

NIVEL B2

1. Obxectivos xerais

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalguna variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalguna variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida reler as seccións difíciles.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender as ideas principais de textos dos ámbitos académico, público e profesional, dentro da propia área de coñecemento, desenvolvidos en lingua padrón e articulados a velocidade normal, de certa complexidade lingüística e con marcadores discursivos explícitos.

Comprender as ideas principais e as específicas moito relevantes dunha gama ampla de textos audiovisuais emitidos en lingua padrón, con clareza na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.

Comprender a maior parte do que se lle din directamente en conversas e transaccións en lingua padrón e lingüisticamente complexas.

Comprender o esencial de textos orais de carácter instrutivo, mensaxes e avisos detallados, lingüisticamente complexos e emitidos en lingua padrón.

Comprender monólogos sustentados e extensos, emitidos en declaracións públicas, conferencias, charlas, informes e outras formas de presentación pública, académica e profesional lingüisticamente complexas.

Comprender un abano amplo de textos audiovisuais en lingua estándar, aínda que sexan emitidos en condicións físicas que supoñan algunha dificultade para a comprensión, conseguindo identificar puntos de vista e actitudes nos falantes.

Comprender con pormenor o que se lle di en conversas e transaccións lingüisticamente complexas, en lingua estándar, inclusive nun ambiente barullento.

Comprender con pormenor declaracións e mensaxes, así como avisos e textos instrutivos lingüisticamente complexos, en lingua estándar, mesmo con barullo de fondo.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Falar en público en intervencións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, presentando descrições e argumentos, raciocinando a favor ou contra un punto de vista concreto, e respondendo a preguntas complementares cun grao de fluencia e espontaneidade que non retraia a intervención dos interlocutores.

Participar en conversas formais e informais, iniciando, mantendo e terminando a interacción adecuadamente, expresando e defendendo con certa precisión as súas

opinións, proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados, e avaliando propostas alternativas.

Colaborar para conseguir un obxectivo, esbozando un asunto ou un problema cun bon grao de fluencia e clareza, a pesar de algúns erros esporádicos, especulando sobre causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques.

Participar nunha entrevista con fluencia e naturalidade, proporcionando información complementar, con pouca axuda ou obtendo-a do seu interlocutor, a pesar de algúns erros que non interfiran na comunicación.

Participar en entrevistas con eficacia, fluencia e naturalidade, tomando a iniciativa e mesmo respondendo ás preguntas preparadas, dando respostas relevantes ou interesantes e información complementaria.

Falar en público sobre unha ampla variedade de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, con descricións e argumentos desenvolvidos sistematicamente e cadeas argumentais razoadas, pondo énfase nos aspectos significativos e ofrecendo detalles adecuados que sirvan de apoio á exposición, con clareza, fluencia e relativa facilidade de expresión, afastándose espontaneamente, se for preciso, dun texto preparado.

Participar activa e fluentemente, con naturalidade e eficacia, en interaccións formais e informais sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión, defendendo liñas argumentais complexas de modo convincente. Dar suxestións e sintetizar información e argumentos procedentes de fontes diversas.

Contribuír para o progreso dun traballo ou dunha negociación, expondo con clareza, fluencia e espontaneidade unha situación dada e as súas ideas e propostas sobre ela, desenvolvendo con precisión e eficacia a argumentación.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender a información específica de textos instrutivos de carácter xeral e riqueza lexical, e sobre temas da propia especialidade que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas moi frecuentes no campo de especialización de que se tratar, desde que poida reler ou usar materiais que axuden a realizar unha interpretación correcta.

Ler de forma autónoma relatorios, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica relativos a temas actuais e en que os/as autores/as adoptan posturas e puntos de vista concretos.

Ler textos relativos á interacción social persoal ou profesional, captando o sentido esencial de xeito que lle permita reaxir adecuadamente.

Comprender con suficiente detalle instrucións extensas e complexas sobre distintos temas, ben como textos legais habituais da súa vida social, mesmo que sexa relendo as epígrafes máis difíciles.

Ler con autonomía informes e relatorios, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica, aínda que non sexan da súa especialidade, relativos a temas actuais. Comprender información, argumentos, ideas e opinións de fontes especializadas dentro do seu campo de interese.

Ler correspondencia formal e informal relativa a todos os ámbitos da vida social, entendendo a información esencial e os detalles necesarios para poder reaccionar adecuadamente.

Identificar en pouco tempo o esencial e detalles relevantes de textos de extensión variada e complexos que versen sobre unha ampla serie de temas, cos que está familiarizado, para realizar tarefas relativas aos ámbitos quer persoal, quer público, así como relacionados coas necesidades específicas de carácter profesional e educativo.

2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir textos de diversa extensión relacionados con temas propios dos ámbitos persoal, público, educativo e profesional, salientando os aspectos importantes e expresando as propias opinións claramente e con razoábel precisión.

Escribir textos breves e precisos que conteñan abreviadamente o esencial de textos propios dos ámbitos profesional, público e educativo.

Compor textos en que se argumente a favor ou contra, ofrecendo unha visión panorámica e ao mesmo tempo crítica sobre producións ou eventos dos ámbitos público e profesional.

Escribir textos que transmitan información obxectiva, centrándose en comunicar algún coñecemento e mantendo a divulgación da información como intención principal do texto.

Escribir textos en que se transmite información e ideas sobre temas, tanto abstractos como concretos, relativos a diferentes ámbitos, explicando problemas ou argumentando sobre eles, apoiando os puntos de vista con detalles e exemplos adecuados, e con suficiente clarezza e adecuación do rexistro.

Escribir informes e relatorios sobre unha variedade de temas xerais ou relacionados coa propia especialidade, nos cales se expoñan uns feitos pasados ou previstos, presentando consideracións sobre eles, chegando a algún tipo de conclusión e dando algunha recomendación.

Escribir textos que sinteticen información procedente de varias fontes relativas aos ámbitos profesional, público e educativo, consoante un formato e rexistro axeitado.

Tomar apuntamentos ou elaborar esquemas durante unha explicación, conferencia ou evento que permitan reconstruír a continuidade temática do texto ou suceso orixinal.

2.5. Actividades de mediación

Transmitirlles oralmente a terceiras persoas, en forma resumida ou adaptada, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos orais ou escritos conceptual e estruturalmente complexos (presentacións, documentais, entrevistas, conversas, debates, artigos...), sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua, e se pode volver escoitar o que se dixo ou reler as seccións difíciles.

Sintetizar e transmitirlles oralmente a terceiras persoas a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).

Interpretar durante intercambios entre amizades, persoas coñecidas, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade (en reunións sociais, cerimoniais, eventos, visitas culturais...), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Interpretar durante intercambios de carácter formal (p. ex. nunha reunión de traballo claramente estruturada), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade, transmitindo a información, as opinións e os argumentos relevantes, comparando e contrastando as vantaxes e desvantaxes das distintas posturas e argumentos, expresando as súas opinións ao respecto con claridade e amabilidade e pedindo e ofrecendo suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.

Tomar notas escritas para terceiras persoas, coa debida precisión e organización, recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación, conversa ou debate claramente estruturados e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas do propio interese ou dentro do campo propio de especialización académica ou profesional.

Transmitir por escrito o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, contidos en textos escritos ou orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre aspectos, tanto abstractos como concretos, de temas xerais ou do propio interese ou campo de especialización, sempre que os ditos textos estean ben organizados, nalgunha variedade estándar da lingua e se pode reler as seccións difíciles ou volver escoitar o dito.

Resumir por escrito os puntos principais, os detalles relevantes e os puntos de vista, opinións e argumentos expresados en conversas, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas e articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Resumir por escrito noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises, e a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

Sintetizar e transmitir por escrito a información e argumentos principais, así como os aspectos relevantes, recompilados de diversos textos escritos procedentes de distintas fontes (p. ex. diferentes medios de comunicación ou varios informes ou outros documentos de carácter educativo ou profesional).

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

Din respecto ao coñecemento que o alumno ou a alumna posúe dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizaren funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formulanse en termos de expresión, mais considerase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

| | |
|---|--|
| <i>Actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura:</i> | Afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun facto; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dubida; expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; lembrar algo a alguén; rectificar; replicar; supor. |
| <i>Actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, vontade e decisión:</i> | Acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse. |
| <i>Actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a/o destinataria/o faga ou non faga algo, sendo ou</i> | Aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar licenza; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; |

| | |
|---|--|
| <i>non un acto verbal ou doutra índole:</i> | disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo (axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo); negar licenza a alguén.; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén.; prohibir; propor; reclamar; recomendar; lembrar algo a alguén.; restrinxir; solicitar; suxerir; suplicar. |
| <i>Actos de fala expresivos, con que se expresan determinadas situacións:</i> | Acusar; expresar admiración, lelicia ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristeza; defender; exculpar; lamentar; reprochar. |

b) Contidos discursivos

- Coherencia e cohesión

Coherencia

Verbal: deslocamento de valores dos tempos (estilo indirecto), selección do modo segundo a intención e actitude do falante).

Conectores: exemplificación, somativos, contrastivos, consecutivos.

Cohesión

Repetición lexical (sinonimia, paráfrase, antonimia, enumeración), elipse, substitución (pronomes).

Manutención do tema: repetición, elipse, desenvolvemento do tema (*ora, ora bem, além disso*), xustaposición (*por um lado... por outro*), contraste (*antes pelo contrário*), apoio do tema (*por exemplo*), procedementos gramaticais de correferencia (pronomes, demostrativos, posesivos, cuantificadores, adverbios, anáforas, catáforas) e procedementos lexicais (sinónimos, hiper/hipónimos, nominalización, elipse)

- Tipoloxía de textos

Marcadores do texto e do rexistro

Formulas iniciais, estruturadoras, reformuladoras, clasificadoras, enfáticas, referenciais.

Elementos propios da conversa.

Marcadores para se dirixir a alguén segundo a situación (*ó, olhe, faz favor...*)

Deixe espacial, social, temporal.

Cortesía: formas de tratamento, de atenuación.

Tematización e focalización.

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Os contidos serán abordados por igual ao longo do ano lectivo:

Os contidos trabállanse ao longo de todo o ano lectivo.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais: uso e escolla do cumprimento, uso e escolla das formas de tratamento, convencións para os turnos de palabra, uso e escolla de interxeccións e frases interxectivas.

Normas de cortesía:

Cortesía positiva (mostrar interese por unha persoa, compartir experiencias e preocupacións, expresar admiración, afecto; prometer favores e servizos, etc.)

Cortesía negativa (evitar comportamentos ameazadores – ordes, dogmas, expresións categóricas, etc.-; expresar arrepentimento, desculparse; utilizar enunciados evasivos).

Descortesía (brusquidade, franqueza, desprezo, antipatía, queixa forte e *raspanete*, ira, impaciencia, afirmación de superioridade).

Esteriotipos e modismos populares.

Refráns de uso moi frecuente.

Modismos habituais.

Expresións coloquiais.

Expresións de crenzas, actitudes e valores.

Rexistros

Neste nivel esperase que os alumnos sexan capaces de recoñecer e usar expresións propias dos rexistros neutral, solemne, formal, informal, familiar, profesional.

Diferenzas entre a lingua escrita e oral.

Dialectos e acentos: marcadores lingüísticos de: clase social, orixe nacional, grupo étnico, grupo profesional.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (Datos persoais, títulos e tratamentos, actividade profesional e ocupación, documentación, biografía e etapas da vida).

Habitación, lar e ambiente próximo (Construción, compra e aluguer, mudanza e instalación, tipos de residencia, equipamentos, decoración e manutención, área envolvente de tipo sociocultural, físico e económico).

Viaxes (motivacións e obxectivos, experiencias persoais, problemas e incidencias, conducción, normas de circulación, manutención e reparación de vehículos, seguros, modas e tendencias turísticas).

Relacións humanas e sociais (A familia, celebracións e actos familiares sociais e relixiosos, actitudes e formas de se comportar, asociacións).

Saúde e cuidados físicos (Protección social, medicina tradicional e alternativa, estética).

Traballo (Profesión e cargos, lugares, ferramentas e roupa de traballo, tarefas que se desenvolven no traballo), desemprego e procura de traballo, condicións laborais, dereitos e obrigacións laborais, conflitos no traballo, organizacións e asociacións laborais, seguranza e riscos laborais.

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Identificación persoal (sentimentos e estados de ánimo, sensacións e percepcións físicas, valores persoais, gostos e centros de interese).

Habitación, lar e ambiente próximo (Construción, compra e aluguer, mudanza e instalación, tipos de residencia, equipamentos, decoración e manutención, área envolvente de tipo sociocultural, físico e económico).

Educación (sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos)

Actividades económicas (finanzas e bolsas, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, industria e enerxía).

Alimentación (dieta e nutrición, gastronomía)

Información e comunicación social (imprensa escrita, televisión e radio, Internet).

Clima e ambiente (paisaxe urbana e rural, clima, natureza, desastres naturais, ecoloxía e problemas ambientais)

Ciencia e tecnoloxía (avanzos científicos e tecnolóxicos, cuestións éticas e filosóficas, tecnoloxías da información e da comunicación TIC).

Política e sociedade (Institucións, forma de goberno, sistemas políticos e de goberno, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais).

Actividades artísticas (música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, cinema e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanato).

b) Contidos gramaticais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Oración simple (con suxeito nulo ou sobreentendido: expletivo, con verbos impersonais, indeterminado ou de referencia arbitraria, con pronome impersonal)

Oración simple (pasiva sintáctica e perifrástica, restricións verbais, pasiva adxectivo)

Actitude do falante e modalidades da oración (enunciativas, afirmativas, negativas, con vocábulos e locucións de reforzo afirmativo *-de facto, efectivamente, aínda por cima, não há dúvida que...*; e negativa: elementos negativos e a súa colocación para reforzo da negación *-nunca vi semelhante coisa*).

Oracións interrogativas: totais, parciais de sim/não; alteración da orden de elementos, interrogativa 'tag', con Expresións tipo “*não é verdade?*”

Oracións imperativas: valor pragmático, características formais, imperativos directos e indirectos, conxuntivos supletivos, infinitivo, xerundio.

Oración exclamativa total e parcial: uso de “*é que*”+verbo no indicativo (enfático).

Oración desiderativa/optativa non elíptica: *que/se + conxuntivo*; fórmulas específicas (*Deus queira que... tomara que...*)

Oración dubitativa con contraste indicativo/conxuntivo (se callar, é possível, talvez...). Realce e consolidación.

Posición dos elementos na oración simple e composta: orden habitual e alteracións focalizadoras e topicalizadoras.

Concordancia: casos particulares cun só suxeito (partitivo + verbo: *a maior parte dos soldados fugiu/fugiram*); cantidade aproximada, pronome relativo que concorda en nº e persoa co antecedente do pronome (*fui eu que lhe pedi*); pronome relativo quen + verbo na 3ª persoa...

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Oración composta (coordenada para a expresión de relacións lóxicas de oposición e disxuntivas/distributivas, adversativas/contrastivas, explicativas, conclusivas...)

Oración composta (subordinada para a Expresión de relacións lóxicas comparativas, restritivas, opositivas, concesivas, condicionais, modais, temporais, de posterioridade, de simultaneidade, proporcionais)

Oración composta (subordinada con estruturas de infinitivo)

Oración subordinada nominal nas diversas funcións (suxeito, OD; OI, atributo, Cprep, CC, Cpred, Cag. Estilo directo, indirecto, interrogativas indirectas, repaso e ampliación.

Oración subordinada adxectiva (*o qual/a qual...*), contraste explicativas/especificativas, uso de *que/quem* e *qual/quais* rexidos por varias preposicións (*a, sobre, de, em...*)

O sintagma nominal (con substantivos e pronomes como núcleo: clases de substantivos e comportamento morfosintáctico, género, número, flexión do número, número nos compostos, sobrecomúns, comúns de dous xéneros, mudanza de sentido coa mudanza de género, aumentativo e diminutivo; paradigmas, funcións, posicións, combinatoria, uso/omisión dos pronomes. Concordancias co referente.

Pronomes persoais rectos e oblicuos: casos particulares: maxestade, modestia, cortesía, realce.

Formas tónicas e átonas: particularidades (uso nos complementos, clíticos, pasivas, con adverbios, posicións, énfase, interese, valor posesivo, duplicacións...

Pronomes reflexos e recíprocos.

Pronomes posesivos: Valores especiais (indefinidos, aproximación numérica, hábito, afectivos, amizade, interese, ironía...)

Pronomes demostrativos: valores básicos temporais e espaciais. Valores especiais (anafórico, localización temporal, sorpresa, admiración, indignación... usos especiais (*além disso, isto é, nem por isso...*). Reforzo con adverbios (*este aqui*).

Pronomes indefinidos: formas e usos. Afirmativos (*algum, alguém, algo*) e negativos (*nenhum, ninguém, nada*), totalidade inclusiva e exclusiva; usos de *cada, certo, nada, outro, qualquer, todo, tudo...*

Numerais cardinais, ordinais, multiplicativos, partitivos.

Pronomes interrogativos, exclamativos e relativos.

O sintagma adxectivo: flexión de número, de género, regras especiais; grau superlativo absoluto, modificación do núcleo con adverbios, Sprep e Sadj. Posición dos elementos do sintagma adxectivo, concordancia, anteposicións e posposicións a respecto do substantivo.

Funcións sintácticas do sintagma adxectivo: predicativo, adverbial.

O sintagma verbal: conxugación regular, semirregular e irregular. Derivados e defectivos.

Verbos transitivos e intransitivos, pronominais e/ou non pronominais, de aspecto puntual, durativo, (dis)contínuo, incoativo, conclusivo. Perífrase durativa *estar+xerundio*. ou *estar + a + infinitivo*. Distribución xeográfica.

Verbos auxiliares: *ter, haver, ser e estar*. *Para+inf* (inminencia) *por+inf* (acción que debía xa estar realizada).

Modo indicativo: reforzo e ampliación. Presente histórico, futuro, pedido ou orde; imperfecto de cortesía, para situar no tempo vagamente; perfecto; futuro incerto, cortés, orde, probábel...; condicional de desexo, de sorpresa, de indignación en interrogativas e exclamativas.

Tempos compostos.

Modo conxuntivo: reforzo dos valores xa vistos, en oracións simples e subordinadas adxectivas, substantivas e adverbiais.

Imperativo: reforzo dos valores vistos. Substitutos nominais, de presente, futuro, imperfecto do conxuntivo, infinitivo, xerundio. para o imperativo.

Infinitivo persoal e non persoal: valores especiais en frases nominais con sentido narrativo, de complemento nominal de obxectivos como *fácil, possível, bom...* + de.

Xerundio.: usos con preposición *em*; construcións afectivas, de aspecto inacabado, combinado con auxiliares *estar, andar, ir, vir*.

Participio: formas regulares e irregulares, usos e contraste entre o uso adxectivo e verbal.

Perífrases verbais de infinitivo, xerundio. e participio (*estar a+inf, querer+inf, poder+inf, chegar a+inf*, etc).

Voz pasiva: diferenzas coa apasivante e coa activa, canto ao rexistro.

Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia, correlación temporal e modal na oración.

O sintagma adverbial: intensidade (+adxectivo, +adverbio, +oración); interrogativos, relativos e locucións adverbiais (de vez en quando); repetición de adverbios en -mente; gradación e adverbios sen flexión de grau (sufixo -inho e -íssimo (devagarinho, longíssimo).

O sintagma preposicional (preposicións e locucións prepositivas: ampliación de usos; marcación de caso; uso predicativo; construcións especiais con algunhas preposicións, duplicación de clíticos; contracción ou non; modificacións do sintagma preposicional (Sadv + Sprep); funcións sintácticas do sintagma (Cprep, Cpred do sux.; Cag).

c) Contidos fonéticos

Os contidos serán abordados por igual ao longo do ano lectivo:

Sons e fonemas vocálicos: vogais tónicas, ditongos orais e nasais, vogais átonas e fenómenos do vocalismo átono (redución).

Sons e fonemas consonánticos: fenómenos fonolóxicos-sintácticos (-s final e as súas realizacións, encontros de consoantes na frase).

Fonoloxía de procesos morfolóxicos: formación do plural de substantivos e adxectivos, alternancia vocálica na flexión verbal.

O acento en portugués: principal e secundáneos. Acento na frase, clíticos (intensificación e focalización)

Prosodia e entoación: padróns característicos en función das intencións comunicativas.

d) Contidos ortográficos

Os contidos serán abordados por igual ao longo do ano lectivo:

Representación gráfica de fonemas e sons (correspondencia, acentuación). Casos especiais: estranxeirismos, homófonos, homógrafos.

Normas ortográficas portuguesa e brasileira.

Abreviaturas, siglas, símbolos, acrónimos.

Maiúsculas e minúsculas; puntuación; uso discursivo dos recursos tipográficos; translineación.

3.2. Competencias socioculturais

Non tendo punto específico na programación, conforme se establece no Decreto 191/2007, será tida en conta na escolla dos materiais didácticos, incluíndo aspectos como:

A vida cotián: rutinas diarias, horarios, hábitos alimenticios, traballo, estacións, festas e ferías anuais, lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía asociadas a situacións da vida cotián: comportamento á mesa, convites, parabéns, presentacións, presentes, puntualidade, cumprimentos, despedidas, tabús, formas de vestir.

As condicións de vida: vivenda, mundo do traballo e das condicións laborais, procura de un emprego, sanidade, seguranza social, hábitos de saúde e de hixiene, transporte e sistema educativo.

Espazo xeográfico: paisaxes, condicións climatéricas, medio rural e medio urbano. Relacións entre eles.

Os servizos públicos, tais como telefone, correo, transportes, etc.

Os relacionamentos persoais: estrutura e relacións familiares, xeracionais, profesionais, entre grupos sociais, coas autoridades e coa Administración.

Os valores, crenzas, actitudes, festas populares, costumes, tradicións, celebracións significativas, relixións, comportamentos nos ritos sociais.

Tradicións e mudanza social.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: Expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, cualidade da voz, ton, volume, etc.

Artes, literatura, teatro, pintura...

A lingua e a sociedade: extensión xeográfica do portugués, estatuto e contacto con outras linguas.

3.3. Competencias estratéxicas

Estratexias metacognitivas

Son aquelas que permiten autorregular a propia aprendizaxe, é dicir, planificar, controlar e avaliar o propio proceso de aprendizaxe de modo que, ao identificar posíbeis fallas na maneira de aprender, se posa modificar esta. Así, as estratexias metacognitivas permiten identificar o que se sabe, explicar como se aprendeu e dirixir a aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe: identificando necesidades tanto a curto como a longo prazo; establecendo os propios obxectivos con claridade e de forma realista e facéndoo constar sistematicamente (nun diário de aprendizaxe, no PELE, etc.); organizando axeitadamente o tempo persoal para as diferentes actividades de aprendizaxe da lingua; facendo unha estimación das propias capacidades e utilizando as técnicas que mellor se correspondan co propio estilo de aprendizaxe.

Organizar o material de aprendizaxe: tendo os instrumentos de apoio necesarios (manuais, dicionarios, apuntamentos, etc.); elaborando un caderno de aprendizaxe con diferentes seccións: vocabulario, erros máis frecuentes, modismos, etc.

Autoavaliar e regular o propio proceso de aprendizaxe mediante a identificación das deficiencias e dos logros na realización das tarefas de aprendizaxe.

Utilizar recursos de aprendizaxe ao alcance: aproveitando a presenza de falantes nativos como modelos de novas estruturas ou expresións; buscando en Internet máis información sobre un tema; ao traballar nun proxecto sobre un tema, facendo-o con quen pode ser de axuda no que respecta aos contidos ou á lingua; preguntando ao profesorado; traballando en e-tandem.

Estratexias cognitivas

Estas estratexias operan directamente sobre a nova información, manipulando e transformando a lingua obxecto de aprendizaxe. son modalidades de traballo intelectual que permiten adquirir, codificar e recuperar a información. son moito variadas e van desde o uso de técnicas de agrupamento de ideas ou conceptos á repetición para practicar a nova lingua ou asociar a información nova cos coñecementos previos. Son tamén estratexias cognitivas o resumo, as inferencias, a tradución e a tomada de notas. Estas últimas facen parte explícita dos obxectivos e dos criterios de avaliación establecidos para este nivel.

Referidas á práctica. da lingua: repetir; recoñecer e usar modelos de lingua, etc.

Referidas á recepción e produción de lingua: buscar rapidamente as ideas; utilizar recursos como dicionarios; relacionar a información nova cos coñecementos previos.

Referidas á análise e razoamento: deducir; establecer relacións entre as linguas. coñecidas; elaborar hipóteses de significado.

Referidas á creación da estrutura necesaria para comprender e producir lingua: tomar notas; resumir.

Referidas á memorización: agrupar palabras, utilizar imaxes para lembrar; representar sons, etc.

Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar e equilibrar os propios recursos, pór en funcionamento destrezas e procedementos co fin de satisfacer eficazmente as demandas de comunicación xeradas pola situación de comunicación. A súa finalidade consiste en permitir establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos de que se dispón.

Planeamento

Activar ou procurarse coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas: tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas. Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se há axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quer comprender: (só o contido principal, informacións específicas ou informacións a varexo); do que se quer dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o/a interlocutor/a xa podería saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor e do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos de unha estrutura previa.: ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Rever e completar notas. Marcar palabras-chave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais, e á situación: planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñíbeis. Aumentar a dificultade de unha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos á disposición.

Activar esquemas textuais/elaborar un rascuño de estrutura textual: lembrar posíbeis tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica.: practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar unha información sobre a súa idoneidade.

Recoñecer as posíbeis dificultades de comprensión: pensar factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar de un narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar de un texto. Pensar na propia lingua que vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente: utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos.

Desenvolver un tema cando este é coñecido pelo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñíbeis: consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos.

Estruturar contidos/textos: organizar cronoloxicamente elementos.

Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos.

Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros sinais de división e cohesión textual. Utilizar sinais de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Estruturar conversas: dirixirse a alguén. Facer uso da palabra mediante avisos oportunos. Manter no uso da palabra mediante o recheado de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias.

Formular enunciados como preguntas e vice-versa. Acabar a conversa. Cooperación: adoptar as convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un mesmo co expresado por outro.

Remeterse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprendeu. Introducir outros nunha conversa.

Compensar e evitar: parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis simples.

Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente aparentada. Deitar mao de palabras vacías, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto. Utilizar a linguaxe corporal.

Evitar palabras difíciles.

Identificar/deducir indicacións: comprobar indicacións no contexto.

Prestar atención aos puntos centrais. Deducir palabras descoñecidas das regras de composición e do contexto. Prestar atención aos elementos non verbais.

Tirar conclusións e facer predicións: facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías.

Estabelecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas.

Deducir e anticipar posicións, intuítos e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Tirar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade. Deducir intuítos baseando no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta,...).

Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión: repetir o comprendido. preguntar se se di do modo que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Informarse sobre se o comprenderon. Remeterse outras partes do texto (por exemplo, ler máis unha vez o parágrafo anterior).

Pedir esclarecemento/esclarecer: solicitar repetición ou maior precisión.

Pedir que expliquen unha palabra-chave. Dicir que non se percibiu algo.

Preguntar

Solicitar axuda: pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedir unha explicación a alguén. Pedir a alguén unha tradución.

Controlar: prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Voltar a ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos.

Experimentar: utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outro canal, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer un telefónema telefónico.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como «en realidade quería dicir...». Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Clarificar malentendidos.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixibéis

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a”, “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria de xuño, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior o resultado da convocatoria ordinaria de xuño

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefa de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

4.1.2. Mínimos esixibéis

É capaz de comprender, con certa dificultade, o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto

implícitas como explícitas, dos e das falantes en textos orais conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas de carácter xeral ou dentro do propio campo de interese ou especialización, articulados a velocidade normal, nalgunha variedade estándar da lingua e a través de calquera canle, incluso cando as condicións de audición non sexan boas.

É quen de producir e coproducir, con certa dificultade, e independentemente da canle, textos orais claros e o bastante detallados, de certa extensión, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo específicos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nunha variedade de rexistros e estilos estándar, e cunha pronuncia e entoación claras e naturais, e un grao de espontaneidade, fluidez e corrección que lle permita comunicarse con eficacia, aínda que poida cometer erros esporádicos que provoquen a incompreensión, dos que adoita ser consciente e que pode corrixir.

É capaz de comprender, con certa dificultade, con suficiente facilidade o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, en textos escritos conceptual e estruturalmente complexos, sobre temas diversos de interese xeral, persoal ou dentro do propio campo de especialización, nalgunha variedade estándar da lingua e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir, con certa dificultade, independentemente do soporte, textos escritos de certa extensión, ben organizados e bastante detallados, sobre unha ampla serie de temas xerais, de interese persoal ou relacionados co propio campo de especialización, utilizando apropiadamente unha ampla gama de recursos lingüísticos propios da lingua escrita e adecuando con eficacia o rexistro e o estilo á situación comunicativa.

É quen de mediar, con certa dificultade, entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Ao inicio do curso, o profesorado levará a cabo unha **avaliación inicial** do alumnado de carácter informativo para o alumnado e que tamén terá un propósito orientador para o profesorado respecto do nivel inicial dos alumnos ao comezo do curso.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

A **proba de certificación** realizarase en maio/xuño en convocatoria ordinaria e en xuño en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que ser avaliado das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Coñece coa debida profundidade, e aplica eficazmente á comprensión do texto facendo as inferencias adecuadas, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica en que se fala o idioma e os trazos específicos da comunicación oral nelas, apreciando as diferenzas de rexistros, estilos e acentos estándar.

Coñece, e selecciona eficazmente, as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas coma explícitas, dos e das falantes, claramente sinalizadas.

Distingue a función ou funcións comunicativas, tanto secundarias como principais, do texto, e aprecia as diferenzas de intención e de significado de distintos expoñentes destas, segundo o contexto e o xénero e tipo textuais.

Comprende os diversos significados asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos de diferentes xéneros e tipos textuais orais polo que respecta á presentación e organización da información.

Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas propias da lingua oral en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización.

Recoñece léxico oral común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e profesional, así como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesíbeis na lingua oral de carácter literario.

Discrimina patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos segundo as diversas intencións comunicativas.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Aplica adecuadamente á produción de textos orais monolóxicos e dialóxicos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

Coñece, selecciona con atención, e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade, estratexias adecuadas para producir textos orais monolóxicos e dialóxicos de diversos tipos e de certa lonxitude, planificando o discurso segundo o propósito, a situación, as persoas interlocutoras e a canle de comunicación, e facendo un seguimento e unha

reparación deste mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, xestión de pausas, variación na formulación...) de maneira que a comunicación se realice sen esforzo pola súa parte ou a dos/as interlocutores/as.

Consegue alcanzar os fins funcionais que pretende utilizando, de entre un repertorio variado, os expoñentes máis adecuados ao contexto específico.

Articula o seu discurso de maneira clara e coherente seguindo os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual, desenvolvendo descrições e narracións claras e detalladas, argumentando eficazmente e matizando os seus puntos de vista, indicando o que considera importante (p. ex. mediante estruturas enfáticas) e ampliando con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.

Demostra un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que pode corrixir retrospectivamente, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

Dispón dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos á súa especialidade e intereses e sobre temas máis xerais e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

Adquiriu unha pronuncia e entoación claras e naturais.

Exprésase con claridade, con suficiente espontaneidade e cun ritmo bastante uniforme, e sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir, e dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar puntos de vista e desenvolver argumentos, utilizando para isto algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que necesita.

Inicia, mantén e termina o discurso adecuadamente, facendo un uso eficaz das quendas de palabra, aínda que é posíbel que non sempre o faga con elegancia, e xestiona a interacción con flexibilidade e eficacia e de maneira colaborativa, confirmando a súa comprensión, pedindo a opinión da persoa interlocutora, invitando outros/as a participar e contribuíndo ao mantemento da comunicación.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Coñece coa debida profundidade, e aplica eficazmente á comprensión do texto facendo as inferencias adecuadas, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica nas cales se usa o idioma e os trazos específicos da comunicación escrita nestas, apreciando as diferenzas de rexistros e estilos estándar.

Le cun alto grao de independencia, adaptando o estilo e a velocidade de lectura aos distintos textos e finalidades e aplicando eficazmente outras estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os

detalles máis relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos/as autores/as, claramente sinalizadas.

Distingue a función ou funcións comunicativas, tanto secundarias como principais, do texto e aprecia as diferenzas de intención comunicativa e de significado de distintos expoñentes destas segundo o contexto e o xénero e tipo textuais.

Comprende os diversos significados asociados ao uso de distintos patróns discursivos típicos de diferentes xéneros e tipos textuais polo que respecta á presentación e organización da información.

Comprende os significados e funcións xeralmente asociados a diversas estruturas sintácticas propias da lingua escrita en contextos de uso comúns e máis específicos dentro do seu campo de interese ou de especialización.

Conta cun amplo vocabulario activo de lectura, aínda que teña algunha dificultade con expresións pouco frecuentes, que inclúe tanto un léxico xeral e máis específico segundo os seus intereses e necesidades persoais, académicas ou profesionais, como expresións e modismos de uso común, e connotacións e matices accesíbeis na linguaxe literaria; e identifica polo contexto palabras descoñecidas en temas relacionados cos seus intereses ou campo de especialización.

Recoñece os valores e significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, xerais e menos habituais, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Aplica adecuadamente á produción de textos escritos os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas que integrou na súa competencia intercultural, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, adaptando o rexistro e o estilo ou aplicando outros mecanismos de adaptación contextual para expresarse apropiadamente segundo a situación e o propósito comunicativos e evitar erros importantes de formulación.

Aplica con flexibilidade as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de certa lonxitude, detallados e ben estruturados, p. ex. desenvolvendo os puntos principais e ampliándoos coa información necesaria a partir dun esquema previo ou integrando de maneira apropiada información relevante procedente de diversas fontes.

Realiza as funcións comunicativas que persegue utilizando os expoñentes máis adecuados ao contexto específico de entre un repertorio variado.

Articula o texto de maneira clara e coherente utilizando adecuadamente, sen erros que conduzan a malentendidos, os patróns comúns de organización segundo o xénero e o tipo textual e os recursos de cohesión de uso común e máis específico para desenvolver descrições e narracións claras e detalladas, argumentar eficazmente e matizar os seus puntos de vista, indicar o que considera importante (p. ex. mediante

estruturas enfáticas) e ampliar con algúns exemplos, comentarios e detalles adecuados e relevantes.

Demostra un bo control de estruturas sintácticas comúns e algunhas máis complexas, con algún descoido esporádico ou erro non sistemático que non afecta a comunicación, seleccionándoas con flexibilidade e adecuadamente segundo a intención comunicativa no contexto específico.

Dispón dun amplo léxico escrito de uso común e sobre asuntos relativos ao seu campo de especialización e intereses e varía a formulación para evitar repeticións frecuentes, recorrendo con flexibilidade a circunloquios cando non atopa unha expresión máis precisa.

Utiliza con razoábel corrección, aínda que poida manifestar influencia da(s) súa(s) lingua(s) primeira(s) ou outras, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva...) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos tanto en soporte papel como dixital.

4.3.5. Actividades de mediación

Coñece coa debida profundidade, e aplica adecuadamente á actividade de mediación en cada caso, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos xerais e máis específicos que caracterizan as culturas e as comunidades de práctica en que se fala o idioma, así como as súas implicacións máis relevantes, e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros e estilos, ou outros mecanismos de adaptación contextual, expresándose apropiadamente en situacións diversas e evitando erros importantes de formulación.

Coñece, selecciona con atención e sabe aplicar eficazmente e con certa naturalidade estratexias adecuadas para adaptar os textos que debe procesar ao propósito, á situación, ás persoas participantes e á canle de comunicación, mediante procedementos variados (paráfrases, circunloquios, amplificación ou condensación da información...).

Sabe obter a información detallada que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de maneira satisfactoria segundo sexa necesario.

Transmite con suficiencia tanto a información como, de ser o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou da autoría.

Pode facilitar a interacción entre as partes monitorizando o discurso con intervencións adecuadas, repetindo ou reformulando o dito, pedindo opinións, facendo preguntas para abundar nalgúns aspectos que considera importantes e resumindo a información e os argumentos cando é necesario para aclarar o fío da discusión.

Compara e contrasta información e ideas das fontes ou das partes e resume apropiadamente os seus aspectos máis relevantes.

É **capaz** de suxerir unha saída de compromiso, unha vez analizadas as vantaxes e desvantaxes doutras opcións.

NIVEL AVANZADO

NIVEL C1

1. Obxectivos xerais

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, independentemente da canle e incluso en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, incluso cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, e independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros e cunha entoación e un acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptíbeis as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender con todo detalle a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes da autoría, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, incluso sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos nos ditos ámbitos, resaltando as ideas principais, ampliando con

certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados e terminando cunha conclusión apropiada, utilizando para isto, de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas, de puntuación e de presentación do texto complexas, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado que inclúan a ironía, o humor e a carga afectiva.

1.5. Actividades de mediación

Mediar con eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en situacións tanto habituais como máis específicas e de maior complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, trasladando con flexibilidade, corrección e eficacia tanto información como opinións, implícitas ou explícitas, contidas nunha ampla gama de textos orais ou escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, identificando e reflectindo coa maior exactitude posíbel as diferenzas de estilo e rexistro e utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias discursivas e de compensación para minimizar as dificultades ocasionais que puidese ter.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender unha ampla variedade de textos, inclusive en máis condicións acústicas, que poden ser lingüística e conceptualmente complexos, conter expresións idiomáticas e coloquiais e tratar temas tanto concretos coma abstractos ou descoñecidos para o alumno ou alumna, incluíndo aqueles de carácter técnico ou especializado.

Comprender textos en diversas variedades estándar da lingua e articulados a velocidade normal ou rápida, aínda que pode ser que necesite confirmar certos detalles, sobre todo se o acento non lle resultar familiar.

Comprender discursos extensos mesmo cando non estiveren estruturados con claridade e cando as relacións están só implícitas e non se sinalan de maneira evidente.

Comprender sen moito esforzo os programas de televisión e as películas.

Comprender sen dificultade e identificar información global y específica en textos orais extensos e complexos, transmitidos en calquera contexto e por calquera medio.

Comprender as intencións comunicativas dun discurso cando as relacións son unicamente implícitas.

Entender sen moito esforzo filmes e programas televisivos.

2.2 Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir textos claros e detallados sobre temas complexos, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e terminando cunha conclusión adecuada, así como dominar un amplo repertorio léxico que lle permita suplir as deficiencias facilmente con circunloquios cando toma parte activa en intercambios extensos de diversos tipos, expresándose con fluencia, espontaneidade e case sen esforzo.

Manter con consistencia un alto grao de corrección gramatical; os erros son escasos, difíciles de localizar e xeralmente corríxeos cando aparecen.

Producir textos ben estruturados, mostrando un uso correcto dunha ampla variedade de mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.

Formular ideas e opinións con precisión e contribuír ao progreso dun traballo ou dunha negociación, expoñendo e relacionando as intervencións habilmente coas doutros falantes.

Usar a linguaxe de forma flexíbel e eficaz para fins sociais, incluíndo o uso emocional, alusivo e humorístico.

Facer presentacións claras e detalladas sobre temas complexos..

Incluír temas secundarios nas presentacións.

Desenvolver ideas concretas e terminar cunha conclusión apropiada.

2.3 Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender con todo detalle textos extensos e complexos, tanto se se relacionaren coa súa especialidade coma se non, sempre que poida volver ler as seccións difíciles.

Ler correspondencia formal e informal relativa a todos os ámbitos da vida social captando a información esencial e os detalles necesarios para poder reaccionar adecuadamente.

Identificar con rapidez o esencial e detalles relevantes en textos de extensión variada e complexos que versen sobre unha ampla serie de temas aínda que non se estea familiarizado, para realizar con éxito tarefas relativas aos ámbitos tanto persoal e público como en relación coas necesidades específicas de carácter profesional e educativo.

Entender textos longos e complexos, de carácter literario ou com base en feitos que poidan encontrar no seu medio social, profesional ou académico.

Identificar detalles sutís, que inclúan actitudes e opinións, tanto implícitas como explícitas.

Apreciar estilos diferentes.

Comprender artigos especializados, mesmo sen relación coa súa especialidade.

Comprender e acompañar instrucciónes técnicas longas, aínda que non sexan da súa especialidade, sempre que poida reler as partes máis difíciles.

2.4 Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Escribir textos claros e ben estruturados sobre temas complexos resaltando as ideas principais, ampliando con certa extensión e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e acabando cunha conclusión axeitada.

Escribir informes sobre unha variedade de temas, que poden ser relacionados coa propia especialidade ou non, nos cales se expoñan uns acontecementos pasados ou previstos, e se emitan consideracións sobre eles, achegando algún tipo de conclusión e recomendación.

Escribir textos que sinteticen información procedente de varias fontes relativas aos ámbitos profesional, público e educativo, axustándose a un formato e rexistro axeitado.

Tomar notas ou elaborar esquemas durante unha explicación, conferencia ou evento que permitan reconstruír a continuidade temática do texto ou suceso orixinal.

Escribir textos claros e ben estruturados, dando as súas opinións com algunha extensión.

Escribir cartas, relatorios e ensaios sobre temas complexos, destacando os aspectos interesantes.

Escribir de maneira adecuada e eficaz nos diversos formatos en soportes tradicional e dixital, consoante a situación, intención e persoa ou institución a que se dirixe.

2.5 Actividades de mediación

Trasladar oralmente nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos escritos ou orais longos e minuciosos de diverso carácter e procedentes de diversas fontes, como ensaios ou conferencias.

Facer unha interpretación consecutiva en charlas, reunións, encontros ou seminarios relacionados coa propia especialidade, con fluidez e flexibilidade, transmitindo a información importante nos seus propios termos.

Mediar con fluidez e eficacia entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas sobre temas tanto relacionados cos campos de interese persoal ou da propia especialización como de fóra dos ditos campos (en reunións, seminarios, mesas redondas ou en situacións potencialmente conflitivas), tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais destas e reaccionando en consecuencia, transmitindo, de maneira clara e concisa, información significativa e formulando as preguntas e facendo os comentarios pertinentes co fin de obter os detalles necesarios ou comprobar supostas inferencias e significados implícitos.

Tomar notas escritas para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante contida en textos escritos complexos, aínda que claramente estruturados, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, coa precisión necesaria e unha boa estruturación, durante unha conferencia, entrevista, seminario, reunión ou debate claramente estruturados, articulados a velocidade normal nunha variedade da lingua ou nun acento cos que se estea familiarizado/a, e sobre temas complexos e abstractos, tanto fóra como dentro do propio campo de interese ou especialización, seleccionando que información e argumentos relevantes consignar segundo se desenvolve o discurso.

Trasladar por escrito nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos orais ou escritos longos e minuciosos de diverso carácter e procedente de diversas fontes (diferentes medios de comunicación, diversos textos académicos ou varios informes ou outros documentos de carácter profesional).

Resumir, comentar e analizar por escrito os aspectos principais, a información específica relevante e os diferentes puntos de vista contidos en noticias, artigos sobre temas de interese xeral, entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises.

Traducir fragmentos, relevantes con respecto a actividades do propio interese nos ámbitos persoal, académico ou profesional, de textos escritos tales como correspondencia formal, informes, artigos ou ensaios.

3 Secuenciación e temporalización dos contidos

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

Din respecto ao coñecemento que o alumno ou a alumna posúe dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizaren funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

| | |
|--|---|
| <i>Actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura:</i> | Afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun facto; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; Expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; lembrar |
|--|---|

| | |
|--|---|
| | algo a alguén; rectificar; replicar; supor. |
| <i>Actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, vontade e decisión:</i> | Acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse. |
| <i>Actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a/o destinataria/o faga ou non faga algo, sendo ou non un acto verbal ou doutra índole:</i> | Aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar licenza; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo (axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo); negar licenza a alguén.; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén.; prohibir; propor; reclamar; recomendar; lembrar algo a alguén.; restrinxir; solicitar; suxerir; suplicar. |
| <i>Actos de fala expresivos, con que se expresan determinadas situacións:</i> | Acusar; expresar admiración, lelicia ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristeza; defender; exculpar; lamentar; reprochar. |

b) Contidos discursivos

- Coherencia e cohesión

Verbal: deslocamento de valores dos tempos (estilo indirecto), selección do modo segundo a intención e actitude do falante).

Conectores: exemplificación, somativos, contrastivos, consecutivos.

Cohesión

Repetición lexical (sinonimia, paráfrase, antonimia, enumeración), elipse, substitución (pronomes).

Manutención do tema: repetición, elipse, desenvolvemento do tema (*ora, ora bem, além disso*), xustaposición (*por um lado... por outro*), contraste (*antes pelo contrário*), apoio

do tema (*por exemplo*), procedementos gramaticais de correferencia (pronomes, demostrativos, posesivos, cuantificadores, adverbios, anáforas, catáforas) e procedementos lexicais (sinónimos, hiper/hipónimos, nominalización, elipse)

- **Tipoloxía de textos**

Marcadores do texto e do rexistro

Formulas iniciais, estruturadoras, reformuladoras, clasificadoras, enfáticas, referenciais.

Elementos propios da conversa.

Marcadores para se dirixir a alguén segundo a situación (*ó, olhe, faz favor...*)

Deixe espacial, social, temporal.

Cortesía: formas de tratamento, de atenuación.

Tematización e focalización.

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Os contidos serán abordados por igual ao longo de todo o ano lectivo.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais: uso e escolla do cumprimento, uso e escolla das formas de tratamento, convencións para os turnos de palabra, uso e escolla de interxeccións e frases interxectivas.

Normas de cortesía:

Cortesía positiva (mostrar interese por unha persoa., compartir experiencias e preocupacións, expresar admiración, afecto; prometer favores e servizos,etc.)

Cortesía negativa (evitar comportamentos ameazadores – ordes, dogmas, Expresións categóricas, etc.-; expresar arrepentimento, desculparse; utilizar enunciados evasivos).

Descortesía (brusquidade, franqueza, desprezo, antipatía, queixa forte e *raspanete*, ira, impaciencia, afirmación de superioridade).

Estereotipos e modismos populares.

Refráns de uso moi frecuente.

Modismos habituais.

Expresións coloquiais.

Expresións de crenzas, actitudes e valores.

Rexistros

Neste nivel esperase que os alumnos sexan capaces de recoñecer e usar expresións propias dos rexistros neutral, solemne, formal, informal, familiar, profesional.

Diferenzas entre a lingua escrita e oral.

Dialectos e acentos: marcadores lingüísticos de: clase social, orixe nacional, grupo étnico, grupo profesional.

3.1.3. Competencias lingüísticas

a) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Léxico especializado da saúde (síntomas, enfermidades, diagnósticos, etc.).

Léxico dos negocios

Léxico do mundo laboral e económico

Léxico do medio natural

Agrupamentos semánticos. Colocacións. Parémias, proverbios e ditos comuns.

Fenómenos de sinonimia, antonimia e polisemia:

Fenómenos de denotación e conotación: inconveniêcia social de usos

Fenómenos de homonímia, homografía e homofonía.

Formación de palabras. prefixos e sufixos, composición e derivación, uso de palabras para derivar novos sentidos.

Frases e expresións idiomáticas

Aspectos pragmáticos (diferenzas de rexistro, ironía, atenuación ou intensificación, eufemismos e disfemismos habituais) ou gramaticais

Falsos amigos internos (Pt vs. Br vs. Gz.) e externos (Pt vs. Es)

Além de continuar a aprofundar no léxico xeral, prestar-se-á especial atención aos seguintes léxicos especializados:

Léxico xurídico básico de Portugal

Léxico relacionado com a economía, o comercio e a comunicación social, o mundo laboral e económico e as actividades profesionais (investimento, capital, multinacional, sede, sindicato, seguros, apólice, orçamento, verba, etc.).

Léxico relacionado con institucións, organismos oficiais e públicos, e as ONG's

Léxico relacionado coa educación e actividades académicas.

Léxico sanitario e da alimentación non especializado (síntomas, doenzas, diagnósticos, ingredientes, etc.).

Léxico xornalístico, político, desportivo e cultural da Lusofonia

Léxico relacionado com a arte (arquitectura, pintura, música, estilos e instrumentos musicais..)

Léxico das artes e actividades artísticas e relacionado coa literatura e co cinema

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Decalques e empréstimos.

Hiperonimia, hiponimia e cohiponimia

Acrónimos e siglas

Eufemismos e disfemismos

Sufixación restritiva

Valor expresivo da repetición

Corta-matos e anacolutos

Formas alternativas de superlativización

Uso expresivo da polisemia, homofonia e homografía

Sufixación expresiva

Hipérbatos consagrados

Metonimias

Trocadillos, distorsións e neoloxía criativa

Alén de continuar a aprofundar no léxico xeral, prestarase especial atención aos seguintes léxicos especializados:

Léxico relacionado con institucións e organismos oficiais e públicos.

Léxico relacionado cos sistemas políticos (eleccións, partidos, etc.).

Léxico das artes.

Léxico relacionado coa literatura.

Léxico relacionado co cine e espectáculos

Léxico da música (estilos musicais, instrumentos musicais, actuacións).

Léxico das ciencias.

Léxico da tecnoloxía (computadores, electrodomésticos, etc.).

Expresións idiomáticas e frases feitas.

Léxico científico elementar

Léxico das festividades, os costumes e as crenzas, das relixións e filosofía

Léxico útil no campo do turismo (lecer, viaxes e transportes, aloxamento.

Xírias das diferentes áreas da Lusofonia

Diverxencias en topónimos e xentílicos entre o Brasil e o resto da Lusofonia

O léxico na Net e da Net.

Adaptación divergente de neoloxismos entre o Brasil e o resto da Lusofonia
mídia/média, metrô/metro etc.

Metalinguaxe. Nomenclatura gramatical brasileira e portuguesa

Falsos amigos (español/português, português europeu/ português do Brasil)

Expresións idiomáticas, frases feitas, ditos, provérbios e rifões.

b) Contidos gramaticais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Todas as estruturas dos niveis anteriores.

Procesos de formación de palabras: derivación (recoñecemento de constituíntes da palabra) e composición.

Uso das formas verbais: discurso directo e indirecto

Uso do sistema de perífrases verbais (verbos que rixen infinitivo, -ing, that-clause, etc.)

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Uso do sistema preposicional: rexencias preposicionais de adxectivos e verbos

Construción de oracións: condicionais, de causa, de finalidade, de resultado, de contraste, etc

Conectores discursivos de uso nos discursos formais extensos: comezo, resumo, repetición, explicación, etc.

Formas de modalización do discurso: obriga, necesidade, consello, recomendación, suposición, duda, permiso, posibilidade esperanza, petición queixa, preferencia, hipótese, etc.

c) Contidos fonéticos

Pronúncia das realizacións do sistema fonolóxico: grupos consonánticos, encontros vocálicos, etc.

Metafonía

Variedades xeográficas fonéticas máis comúns e estendidas de Portugal e do Brasil

Variantes de procesos fonolóxicos.

Adecuación da entoación ás intencións comunicativas.

Entoación dos distintos tipos de oración e de textos orais e escritos.

Mudanzas de acento e atonicidade con implicacións sintácticas e comunicativas.

d) Contidos ortográficos

Correspondencia entre fonemas e letras. A acentuación gráfica. O Acordo Ortográfico. Mudanzas: hífen, grupos consonánticos, maiúsculas...

A grafía e a pronuncia dos estranxeirismos e dos nomes propios estranxeiros.

Homofonía e homografía.

Formas das abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos máis frecuentes.

Maiúsculas e minúsculas.

Signos de puntuación. Uso discursivo dos recursos tipográficos (normal, cursiva, negra; subliñado).

3.2. Competencias socioculturais

Non tendo punto específico na programación, conforme se establece no Decreto 191/2007, será tida en conta na escolla dos materiais didácticos, incluíndo aspectos como:

A vida cotián: rutinas diarias, horarios, hábitos alimenticios, traballo, estacións, festas e ferías anuais, lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía asociadas a situacións da vida cotián: comportamento á mesa, convites, parabéns, presentacións, presentes, puntualidade, cumprimentos, despedidas, tabús, formas de vestir.

As condicións de vida: vivenda, mundo do traballo e das condicións laborais, procura de un emprego, sanidade, seguranza social, hábitos de saúde e de hixiene, transporte e sistema educativo.

Espazo xeográfico: paisaxes, condicións climatéricas, medio rural e medio urbano. Relacións entre eles.

Os servizos públicos, tais como telefone, correo, transportes, etc.

Os relacionamentos persoais: estrutura e relacións familiares, xeracionais, profesionais, entre grupos sociais, coas autoridades e coa Administración.

Os valores, crenzas, actitudes, festas populares, costumes, tradicións, celebracións significativas, relixións, comportamentos nos ritos sociais.

Tradicións e mudanza social.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: Expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, cualidade da voz, ton, volume, etc.

Artes, literatura, teatro, pintura...

A lingua e a sociedade: extensión xeográfica do portugués, estatuto e contacto con outras linguas.

3.3. Competencias estratéxicas

Estratexias metacognitivas

Son aquelas que permiten autorregular a propia aprendizaxe, é dicir, planificar, controlar e avaliar o propio proceso de aprendizaxe de modo que, ao identificar posíbeis fallas na maneira de aprender, se posa modificar esta. Así, as estratexias metacognitivas permiten identificar o que se sabe, explicar como se aprendeu e dirixir a aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe: identificando necesidades tanto a curto como a longo prazo; establecendo os propios obxectivos con claridade e de forma realista e facéndoo constar sistematicamente (nun diário de aprendizaxe, no PELE, etc.);

organizando axeitadamente o tempo persoal para as diferentes actividades de aprendizaxe da lingua; facendo unha estimación das propias capacidades e utilizando as técnicas que mellor se correspondan co propio estilo de aprendizaxe.

Organizar o material de aprendizaxe: tendo os instrumentos de apoio necesarios (manuais, dicionarios, apuntamentos, etc.); elaborando un caderno de aprendizaxe con diferentes seccións: vocabulario, erros máis frecuentes, modismos, etc.

Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe mediante a identificación das deficiencias e dos logros na realización das tarefas de aprendizaxe.

Utilizar recursos de aprendizaxe ao alcance: aproveitando a presenza de falantes nativos como modelos de novas estruturas ou expresións; buscando en Internet máis información sobre un tema; ao traballar nun proxecto sobre un tema, facendo-o con quen pode ser de axuda no que respecta aos contidos ou á lingua; preguntando ao profesorado; traballando en e-tandem.

Estratexias cognitivas

Estas estratexias operan directamente sobre a nova información, manipulando e transformando a lingua obxecto de aprendizaxe. son modalidades de traballo intelectual que permiten adquirir, codificar e recuperar a información. son moito variadas e van desde o uso de técnicas de agrupamento de ideas ou conceptos á repetición para practicar a nova lingua ou asociar a información nova cos coñecementos previos. Son tamén estratexias cognitivas o resumo, as inferencias, a tradución e a tomada de notas. Estas últimas facen parte explícita dos obxectivos e dos criterios de avaliación establecidos para este nivel.

Referidas á práctica. da lingua: repetir; recoñecer e usar modelos de lingua, etc.

Referidas á recepción e produción de lingua: buscar rapidamente as ideas; utilizar recursos como dicionarios; relacionar a información nova cos coñecementos previos.

Referidas á análise e razoamento: deducir; establecer relacións entre as linguas. coñecidas; elaborar hipóteses de significado.

Referidas á creación da estrutura necesaria para comprender e producir lingua: tomar notas; resumir.

Referidas á memorización: agrupar palabras, utilizar imaxes para lembrar; representar sons, etc.

Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar e equilibrar os propios recursos, pór en funcionamento destrezas e procedementos co fin de satisfacer eficazmente as demandas de comunicación xeradas pola situación de comunicación. A súa finalidade consiste en permitir establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos de que se dispón.

Planeamento

Activar ou procurarse coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas.: tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas. Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se há axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quer comprender: (só o contido principal, informacións específicas ou informacións a varexo); do que se quer dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o/a interlocutor/a xa podería saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor e do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos de unha estrutura previa.: ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Rever e completar notas. Marcar palabras-chave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais, e á situación: planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñíbeis. Aumentar a dificultade de unha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos á disposición.

Activar esquemas textuais/elaborar un rascuño de estrutura textual: lembrar posíbeis tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica.: practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar unha información sobre a súa idoneidade.

Recoñecer as posíbeis dificultades de comprensión: pensar factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar de un narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar de un texto. Pensar na propia lingua que vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente: utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos.

Desenvolver un tema cando este é coñecido pelo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñíbeis: consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos.

Estruturar contidos/textos: organizar cronoloxicamente elementos.

Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos.

Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros sinais de división e cohesión textual. Utilizar sinais de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Estruturar conversas: dirixirse a alguén. Facer uso da palabra mediante avisos oportunos. Manter no uso da palabra mediante o recheado de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias.

Formular enunciados como preguntas e vice-versa. Acabar a conversa. Cooperación: adoptar as convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un mesmo co expresado por outro.

Remeterse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprendeu. Introducir outros nunha conversa.

Compensar e evitar: parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis simples.

Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente aparentada. Deitar mao de palabras vacías, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto. Utilizar a linguaxe corporal.

Evitar palabras difíciles.

Identificar/deducir indicacións: comprobar indicacións no contexto.

Prestar atención aos puntos centrais. Deducir palabras descoñecidas das regras de composición e do contexto. Prestar atención aos elementos non verbais.

Tirar conclusións e facer predicións: facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías.

Estabelecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas.

Deducir e anticipar posicións, intuítos e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Tirar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade. Deducir intuítos baseando no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta,...).

Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión: repetir o comprendido. preguntar se se di do modo que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Informarse sobre se o comprenderon. Remeterse outras partes do texto (por exemplo, ler máis unha vez o parágrafo anterior).

Pedir esclarecemento/esclarecer: solicitar repetición ou maior precisión.

Pedir que expliquen unha palabra-chave. Dicar que non se percibiu algo.

Preguntar

Solicitar axuda: pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedir unha explicación a alguén. Pedir a alguén unha tradución.

Controlar: prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Voltar a ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos.

Experimentar: utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outro canal, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer un telefónema telefónico.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como «en realidade quería dicir...». Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Clarificar malentendidos.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Produción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Produción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a”, “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acade un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, o 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na

convocatoria ordinaria de xuño, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado si este é superior o resultado da convocatoria ordinaria de xuño

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

4.1.2. Mínimos esixíbeis

É capaz de comprender a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

É quen de producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptíbeis as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

É capaz de comprender suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e

de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

É **quen de mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

- **Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.

- **Avaliación de progreso (ou formativa):** nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

- **Avaliación certificadora:** o alumnado oficial terá a dúas convocatorias para certificar o nivel, ordinaria de maio/xuño e extraordinaria de xuño. Será apto o alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel C1 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

- **A autoavaliación:** sendo a autoavaliación un instrumento importante no proceso de ensino-aprendizaxe fomentarse a autoavaliación tanto do profesorado como do alumnado. O profesorado poderá saber si acada os obxectivos marcados e si precisa facer cambios na programación para acadar ditos obxetivos e o alumnado desenvolve a capacidade de ser responsábel ante o seu propio proceso de aprendizaxe. O profesorado motivará o alumnado a realizar as distintas actividades de autoavaliación que están ao final de cada tema no libro de texto.

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posíbeis carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais e escritos).

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura **discursiva** complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adáptao á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posíbeis ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais e escritos).

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das pers. **Fai uso** dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

4.3.5. Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto meta (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais e escritos).

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

NIVEL C2

O alumnado que superar o nivel C2 estará capacitado para se comunicar sen dificultade aparente, con precisión e corrección, como corresponde a un/ha falante culto/a, en ámbitos persoais, públicos, académicos e profesionais, inclusive de alta complexidade temática e/ou tipolóxica, correspondentes aos niveis máis elevados (posgrao e doutoramento), sendo capaz de participar fluentemente na vida académica, liderar equipos interdisciplinares, negociar, persuadir eficazmente nos máis diversos ámbitos profesionais.

O alumnado que atinxir este nivel disporá dun amplo coñecemento da lingua e dun repertorio extenso de expresións idiomáticas e coloquiais que lle permitan apreciar, sintetizar, expresar e trasladar matices sutís de carácter semántico, lingüístico ou pragmático.

1. Obxectivos xerais

1.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprender, sempre que dispoña dun certo tempo para acostumarse ao acento, practicamente a calquera persoa interlocutora e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e da velocidade, aínda que a calidade do son non sexa óptima. Será quen de recoñecer significados implícitos e apreciar matices de estilo.

1.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Producir e coproducir, con soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados e formalmente correctos para comunicarse en situacións da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros, salvo algún descoido ocasional, e empregando un amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión matices sutís de significado.

1.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprender, apreciar e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, practicamente calquera texto extenso e complexo, tanto literarios como técnicos -nos que se empreguen xogos de palabras, coloquialismos, expresións idiomáticas e outras variantes lingüísticas que poidan conter xuízos de valor ou nos que parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua- apreciando distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

1.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade - aínda

que poida presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como trasladar en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

1.5. Actividades de mediación

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para trasladar con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.

2. Obxectivos específicos

2.1. Actividades de comprensión de textos orais

O alumnado será capaz de:

Comprender, independentemente da canle, instrucións detalladas e practicamente calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos, aínda que a calidade do son non sexa óptima.

Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).

Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.

Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.

Comprender os detalles de conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados.

Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural ou sociolingüístico.

2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumnado será capaz de:

Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando a entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.

Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.

Participar con soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou entrevistado/a, estruturando o que di, desenvolvéndose con autoridade e con fluidez, mostrando dominio da situación así como capacidade de reacción e improvisación.

Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.

Conversar en situacións da vida social e persoal, dominando unha ampla gama de rexistros e un uso apropiado da ironía.

Participar con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, utilizar argumentos claros e persuasivos para defender o propio punto de vista.

2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

O alumnado será capaz de:

Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.

Comprender as implicacións da información contida en instrucións, normativas, ordenamentos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.

Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, p.ex. actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación, ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.

Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional; identificar actitudes e opinións implícitas e apreciar as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.

Comprender e interpretar de maneira crítica a información contida en material bibliográfico especializado de carácter académico ou profesional, en calquera soporte.

Comprender publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.

Comprender as ideas e posturas expresadas en editoriais, recensións e críticas, así como noutros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado e en calquera soporte.

Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes

2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumnado será capaz de:

Tomar notas e apuntamentos mentres se participa en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, recollendo as palabras ou expresións clave empregadas polas persoas interlocutoras.

Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir rascuños.

Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica sobre textos técnicos de índole académica ou profesional, sobre obras literarias ou artísticas, sobre proxectos de investigación ou sobre outras recensións e artigos (temáticos) escritos por terceiros.

Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos que se presenta o contexto, o transfondo teórico e a literatura precedente e onde se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente.

Escribir, independentemente do soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.

2.5. Actividades de mediación

O alumnado será capaz de:

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.

Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, p.ex. variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.

Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

Trasladar por escrito nun novo texto coherente, parafraseándoos ou resumíndoos, información, opinións e argumentos contidos en textos orais ou escritos longos e minuciosos de diverso carácter e procedente de diversas fontes (diferentes medios de comunicación, diversos textos académicos ou varios informes ou outros documentos de carácter profesional).

Resumir, comentar e analizar por escrito os aspectos principais, a información específica relevante e os diferentes puntos de vista contidos en noticias, artigos sobre temas de interese xeral, entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises.

Traducir fragmentos, relevantes con respecto a actividades do propio interese nos ámbitos persoal, académico ou profesional, de textos escritos tales como correspondencia formal, informes, artigos ou ensaios.

3. Secuenciación e temporalización dos contidos

Para o nivel de Avanzado C2 pártese, principalmente, do manual “Hoje em dia”, que xa foi utilizado no nivel anterior C1. Concretamente, abórdanse os contidos correspondentes à segunda parte do manual, entre as unidades 9 e 18. A partir dos temas alí abordados, complétase con materiais doutras procedencias, de preferencia auténticos.

Para o ano académico 2024-2025 decidiuse dividir o curso escolar en dous cuatrimestres: O primeiro cuatrimestre comprenderá até a avaliación mediante tarefas de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso en febreiro. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade. O segundo cuatrimestre irá daí até fin do mes de maio.

3.1. Competencias comunicativas

3.1.1. Competencias pragmáticas

Din respecto ao coñecemento que o alumno ou a alumna posúe dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizaren funcións comunicativas.

a) Contidos funcionais

| | |
|---|--|
| <p><i>Actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura:</i></p> | <p>Afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun facto; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida;</p> <p>Expressar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; lembrar algo a alguén; rectificar; replicar; supor.</p> |
| <p><i>Actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, vontade e decisión:</i></p> | <p>Acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; convidar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse.</p> |
| <p><i>Actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a/o destinatario/a faga ou non faga algo, sendo ou non un acto verbal ou doutra índole:</i></p> | <p>Aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar licenza; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo (axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permisión, que alguén faga algo); negar licenza a alguén.; persuadir; previr alguén en contra de algo ou de alguén.; prohibir; propor; reclamar; recomendar; lembrar algo a alguén.; restrinxir; solicitar; suxerir. suplicar.</p> |
| <p><i>Actos de fala fáticos e solidários, cuxa función é manter o contacto social e persoal (académico, profesional) e expresar atitudes:</i></p> | <p>Aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar.</p> |
| <p><i>Actos de fala expresivos, con que se expresan determinadas situacións:</i></p> | <p>Acusar; expresar admiración, ledicia ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristeza; defender; exculpar; lamentar; reprochar.</p> |

- a) Contidos discursivos
 - Coherencia e cohesión

Coherencia

Adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espazo-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

Verbal: deslocamento de valores dos tempos (estilo indirecto), selección do modo segundo a intención e actitude do falante).

Conectores: exemplificación, somativos, contrastivos, consecutivos.

Cohesión

Organización interna do texto oral: Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase.

Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo / recapitulación, indicación de fecho textual e fecho textual.

Repetición léxica (sinonimia, paráfrase, antonimia, enumeración), elipse, substitución (pronomes).

Manutención do tema: repetición, elipse, desenvolvemento do tema (*ora, ora bem, além disso*), xustaposición (*por um lado... por outro*), contraste (*antes pelo contrário*), apoio do tema (*por exemplo*), procedementos gramaticais de correferencia (pronomes, demostrativos, posesivos, cuantificadores, adverbios, anáforas, catáforas) e procedementos léxicais (sinónimos, hiper/hipónimos, nominalización, elipse)

- Tipoloxía de textos

Fai referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
Instrucións e indicacións detalladas
Conversas especializadas
Reunións de traballo con vocabulario específico
Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
Sondaxes e cuestionarios complexos
Audiovisuais
Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
Cancións
Representacións teatrais
Podcasts
Informativos
Clases gravadas
Páxinas web gobernamentais
Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:
Correspondencia persoal e profesional especializada
Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
Instrucións extensas
Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc, aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
Informacións, anuncios e slogans publicitarios
Textos que poidan amosar trazos non normativos
Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
Textos ensaísticos

3.1.2. Competencias sociolingüísticas

Os contidos serán abordados por igual ao longo de todo o ano lectivo.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais: uso e escolla do cumprimento, uso e escolla das formas de tratamento, convencións para os turnos de palabra, uso e escolla de interxeccións e frases interxectivas.

Normas de cortesía:

Cortesía positiva (mostrar interese por unha persoa., compartir experiencias e preocupacións, expresar admiración, afecto; prometer favores e servizos, etc.)

Cortesía negativa (evitar comportamentos ameazadores – ordes, dogmas, expresións categóricas, etc.-; expresar arrepentimento, desculparse; utilizar enunciados evasivos).

Descortesía (brusquidade, franqueza, desprezo, antipatía, queixa forte e *raspanete*, ira, impaciencia, afirmación de superioridade).

Esteretipos e modismos populares.

Refráns de uso moi frecuente.

Modismos habituais.

Expresións coloquiais.

Expresións de crenzas, actitudes e valores.

Rexistros

Neste nivel esperase que os alumnos sexan capaces de recoñecer e usar expresións propias dos rexistros neutral, solemne, formal, informal, familiar, profesional.

Diferenzas entre a lingua escrita e oral.

Dialectos e acentos: marcadores lingüísticos de: clase social, orixe nacional, grupo étnico, grupo profesional.

3.1.3. Competencias lingüísticas

b) Contidos léxicos-semánticos

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Léxico especializado da saúde (síntomas, enfermidades, diagnósticos, etc.).

Léxico dos negocios

Léxico do mundo laboral e económico

Léxico do medio natural

Agrupamentos semánticos. Colocacións. Parémias, proverbios e ditos comuns.

Fenómenos de sinonimia, antonimia e polisemia:

Fenómenos de denotación e conotación: inconveniêcia social de usos

Fenómenos de homonimia, homografía e homofonía.

Formación de palabras. prefixos e sufixos, composición e derivación, uso de palabras para derivar novos sentidos.

Frases e expresións idiomáticas

Aspectos pragmáticos (diferenzas de rexistro, ironía, atenuación ou intensificación, eufemismos e disfemismos habituais) ou gramaticais

Falsos amigos internos (Pt vs. Br vs. An/Mz vs. Gz.) e externos (Pt vs. Es)

Além de continuar a aprofundar no léxico geral, prestar-se-á especial atención aos seguintes léxicos especializados:

Léxico xurídico básico de Portugal

Léxico relacionado com a economía, o comércio e a comunicación social, o mundo laboral e económico e as actividades profesionais (investimento, capital, multinacional, sede, sindicato, seguros, apólice, orçamento, verba, etc.).

Léxico relacionado con institucións, organismos oficiais e públicos, e as ONG's

Léxico relacionado coa educación e actividades académicas.

Léxico sanitario e da alimentación non especializado (síntomas, doenzas, diagnósticos, ingredientes, etc.).

Léxico xornalístico, político, desportivo e cultural da Lusofonia

Léxico relacionado com a arte (arquitectura, pintura, música, estilos e instrumentos musicais..)

Léxico das artes e actividades artísticas e relacionado coa literatura e co cinema

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Decalques e empréstimos.

Hiperonimia, hiponimia e cohiponimia

Acrónimos e siglas

Eufemismos e disfemismos

Sufixación restritiva

Valor expresivo da repetición

Corta-matos e anacolutos

Formas alternativas de superlativización

Uso expresivo da polisemia, homofonia e homografía

Sufixación expresiva

Hipérbatos consagrados

Metonimias

Trocadillos, distorsións e neoloxía criativa

Alén de continuar a aprofundar no léxico xeral, prestarase especial atención aos seguintes léxicos especializados:

Léxico relacionado con institucións e organismos oficiais e públicos.

Léxico relacionado cos sistemas políticos (eleccións, partidos, etc.).

Léxico das artes.

Léxico relacionado coa literatura.

Léxico relacionado co cine e espectáculos

Léxico da música (estilos musicais, instrumentos musicais, actuacións).

Léxico das ciencias.

Léxico da tecnoloxía (computadores, electrodomésticos, etc.).

Expresións idiomáticas e frases feitas.

Léxico científico elementar

Léxico das festividadeas, os costumes e as crenzas, das relixións e filosofía

Léxico útil no campo do turismo (lecer, viaxes e transportes, aloxamento.

Xírias das diferentes áreas da Lusofonia

Diverxencias en topónimos e xentílicos entre o Brasil e o resto da Lusofonia

O léxico na Net e da Net.

Adaptación divergente de neoloxismos entre o Brasil e o resto da Lusofonia
mídia/média, metrô/metro etc.

Metalinguaxe. Nomenclatura gramatical brasileira e portuguesa

Falsos amigos (español/português, português europeu/ português do Brasil)

Expresións idiomáticas, frases feitas, ditos, provérbios e rifões.

c) Contidos gramaticais

Os contidos do **primeiro cuadrimestre** serán os seguintes:

Todas as estruturas dos niveis anteriores.

Procesos de formación de palabras: derivación (recoñecemento de constituíntes da palabra) e composición.

Uso das formas verbais: discurso directo e indirecto

Uso do sistema de perífrases verbais (verbos que rixen infinitivo, -ing, that-clause, etc.)

Os contidos do **segundo cuadrimestre** serán os seguintes:

Uso do sistema preposicional: rexencias preposicionais de adxectivos e verbos
Construción de oracións: condicionais, de causa, de finalidade, de resultado, de contraste, etc

Conectores discursivos de uso nos discursos formais extensos: comezo, resumo, repetición, explicación, etc.

Formas de modalización do discurso: obriga, necesidade, consello, recomendación, suposición, duda, permiso, posibilidade esperanza, petición queixa, preferencia, hipótese, etc.

d) Contidos fonéticos

Pronúncia das realizacións do sistema fonolóxico: grupos consonánticos, encontros vocálicos, etc.

Metafonía

Variedades xeográficas fonéticas máis comúns e estendidas de Portugal e do Brasil

Variante de procesos fonolóxicos.

Adecuación da entoación ás intencións comunicativas.

Entoación dos distintos tipos de oración e de textos orais e escritos.

Mudanzas de acento e atonicidade con implicacións sintácticas e comunicativas.

Consolidaranse todos os contidos fonéticos-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.

A énfase

A entoación e os cambios de ton

Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)

Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas

Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)

A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación

O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas

e) Contidos ortográficos

Correspondencia entre fonemas e letras. A acentuación gráfica. O Acordo Ortográfico (AO90). Mudanzas: hífen, grupos consonânticos, maiúsculas...

A grafía e a pronuncia dos estranxeirismos e dos nomes propios estranxeiros.

Homofonia e homografía.

Formas das abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos máis frecuentes.

Maiúsculas e minúsculas.

Signos de puntuación. Uso discursivo dos recursos tipográficos (normal, cursiva, negra; subliñado).

Diferenzas mantidas en cada norma (Pt vs. Br) a pesar do AO90.

3.2. Competencias socioculturais

Non tendo punto específico na programación, conforme se establece no Decreto 191/2007, será tida en conta na escolla dos materiais didácticos, incluíndo aspectos como:

A vida cotián: rutinas diarias, horarios, hábitos alimenticios, traballo, estacións, festas e ferías anuais, lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía asociadas a situacións da vida cotián: comportamento á mesa, convites, parabéns, presentacións, presentes, puntualidade, cumprimentos, despedidas, tabús, formas de vestir.

As condicións de vida: vivenda, mundo do traballo e das condicións laborais, procura de un emprego, sanidade, seguranza social, hábitos de saúde e de hixiene, transporte e sistema educativo.

Espazo xeográfico: paisaxes, condicións climatéricas, medio rural e medio urbano. Relacións entre eles.

Os servizos públicos, tais como telefone, correo, transportes, etc.

Os relacionamentos persoais: estrutura e relacións familiares, xeracionais, profesionais, entre grupos sociais, coas autoridades e coa Administración.

Os valores, crenzas, actitudes, festas populares, costumes, tradicións, celebracións significativas, relixións, comportamentos nos ritos sociais.

Tradicións e mudanza social.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: Expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, cualidade da voz, ton, volume, etc.

Artes, literatura, teatro, pintura...

A lingua e a sociedade: extensión xeográfica do portugués, estatuto e contacto con outras linguas.

3.3. Competencias estratéxicas

Estratexias metacognitivas

Son aquelas que permiten autorregular a propia aprendizaxe, é dicir, planificar, controlar e avaliar o propio proceso de aprendizaxe de modo que, ao identificar posibles fallas na maneira de aprender, se possa modificar esta. Así, as estratexias metacognitivas permiten identificar o que se sabe, explicar como se aprendeu e dirixir a aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe: identificando necesidades tanto a curto como a longo prazo; establecendo os propios obxectivos con claridade e de forma realista e facéndoo constar sistematicamente (nun diário de aprendizaxe, no PELE, etc.); organizando axeitadamente o tempo persoal para as diferentes actividades de aprendizaxe da lingua; facendo unha estimación das propias capacidades e utilizando as técnicas que mellor se correspondan co propio estilo de aprendizaxe.

Organizar o material de aprendizaxe: tendo os instrumentos de apoio necesarios (manuais, dicionarios, apuntamentos, etc.); elaborando un caderno de aprendizaxe con diferentes seccións: vocabulario, erros máis frecuentes, modismos, etc.

Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe mediante a identificación das deficiencias e dos logros na realización das tarefas de aprendizaxe.

Utilizar recursos de aprendizaxe ao alcance: aproveitando a presenza de falantes nativos como modelos de novas estruturas ou expresións; buscando en Internet máis información sobre un tema; ao traballar nun proxecto sobre un tema, facendo-o con quen pode ser de axuda no que respecta aos contidos ou á lingua; preguntando ao profesorado; traballando en e-tandem.

Estratexias cognitivas

Estas estratexias operan directamente sobre a nova información, manipulando e transformando a lingua obxecto de aprendizaxe. son modalidades de traballo intelectual que permiten adquirir, codificar e recuperar a información. son moito variadas e van desde o uso de técnicas de agrupamento de ideas ou conceptos á repetición para practicar a nova lingua ou asociar a información nova cos coñecementos previos. Son tamén estratexias cognitivas o resumo, as inferencias, a tradución e a tomada de notas. Estas últimas facen parte explícita dos obxectivos e dos criterios de avaliación establecidos para este nivel.

Referidas á práctica. da lingua: repetir; recoñecer e usar modelos de lingua, etc.

Referidas á recepción e produción de lingua: buscar rapidamente as ideas; utilizar recursos como dicionarios; relacionar a información nova cos coñecementos previos.

Referidas á análise e razoamento: deducir; establecer relacións entre as linguas coñecidas; elaborar hipóteses de significado.

Referidas á creación da estrutura necesaria para comprender e producir lingua: tomar notas; resumir.

Referidas á memorización: agrupar palabras, utilizar imaxes para lembrar; representar sons, etc.

Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar e equilibrar os propios recursos, pór en funcionamento destrezas e procedementos co fin de satisfacer eficazmente as demandas de comunicación xeradas pola situación de comunicación. A súa finalidade consiste en permitir establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos de que se dispón.

Planeamento

Activar ou procurarse coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas.: tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas. Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se há axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quer comprender: (só o contido principal, informacións específicas ou informacións a varexo); do que se quer dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o/a interlocutor/a xa podería saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor e do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos de unha estrutura previa.: ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Rever e completar notas. Marcar palabras-chave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais, e á situación: planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñíbeis. Aumentar a dificultade de unha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos á disposición.

Activar esquemas textuais/elaborar un rascuño de estrutura textual: lembrar posíbeis tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica.: practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar unha información sobre a súa idoneidade.

Recoñecer as posíbeis dificultades de comprensión: pensar factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar de un narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar de un texto. Pensar na propia lingua que vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente: utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos.

Desenvolver un tema cando este é coñecido polo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñíbeis: consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos.

Estruturar contidos/textos: organizar cronoloxicamente elementos.

Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos.

Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros sinais de división e cohesión textual. Utilizar sinais de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Estruturar conversas: dirixirse a alguén. Facer uso da palabra mediante avisos oportunos. Manter no uso da palabra mediante o recheado de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias.

Formular enunciados como preguntas e vice-versa. Acabar a conversa. Cooperación: adoptar as convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un mesmo co expresado por outro.

Remeterse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprendeu. Introducir outros nunha conversa.

Compensar e evitar: parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis simples.

Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente aparentada. Deitar mao de palabras vacías, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto. Utilizar a linguaxe corporal.

Evitar palabras difíciles.

Identificar/deducir indicacións: comprobar indicacións no contexto.

Prestar atención aos puntos centrais. Deducir palabras descoñecidas das regras de composición e do contexto. Prestar atención aos elementos non verbais.

Tirar conclusións e facer predicións: facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías.

Estabelecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas.

Deducir e anticipar posicións, intuítos e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Tirar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade. Deducir intuítos baseando no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta,...).

Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión: repetir o comprendido. preguntar se se di do modo que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Informarse sobre se o comprenderon. Remeterse outras partes do texto (por exemplo, ler máis unha vez o parágrafo anterior).

Pedir esclarecemento/esclarecer: solicitar repetición ou maior precisión.

Pedir que expliquen unha palabra-chave. Dicar que non se percibiu algo.

Preguntar

Solicitar axuda: pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedir unha explicación a alguén. Pedir a alguén unha tradución.

Controlar: prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor.

Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Voltar a ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos.

Experimentar: utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outro canal, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer un telefónema telefónico.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como «en realidade quería dicir...». Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Clarificar malentendidos.

4. Avaliación

4.1. Criterios de cualificación e mínimos esixíbeis

4.1.1. Criterios de cualificación

A proba de certificación consta de cinco actividades de lingua:

- Comprensión de textos orais
- Producción e coprodución de textos orais
- Comprensión de textos escritos
- Producción e coprodución de textos escritos
- Mediación de textos escritos e orais

As cualificacións definitivas obtidas expresaranse mediante os termos de “apto/a”, “non apto/a” ou “non presentado/a”.

Será apto o alumnado que na suma total de todas as destrezas acadese un mínimo de 81,25 puntos, equivalente a o 65% da nota e sempre e cando supere as cinco actividades de lingua. Para a súa superación debe tamén obter un mínimo de 12,5 puntos en cada actividade de lingua pero tamén ten que sumar entre as cinco actividades de lingua un mínimo de 81,25 puntos que son os necesarios para aprobar, é dicir, 65% da puntuación total.

Na convocatoria extraordinaria de xuño o alumnado examínase das actividades de lingua non superadas ou non presentadas.

Tamén poderá repetir voluntariamente aquelas actividades de lingua nas que acadara os 12,5 puntos pero e non alcanzara o mínimo do 65% (16,25/25) na proba na convocatoria ordinaria de xuño, para poder así acadar a puntuación mínima global de 81,25 puntos. Neste caso só se lle terá en conta o resultado se este é superior o resultado da convocatoria ordinaria de xuño

A puntuación máxima total da proba ascende a 125 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

Para o alumnado presencial haberá unha tarefa de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.

O alumnado que non supere todas as actividades de lingua deberá repetir curso.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel correspondente e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

4.1.2. Mínimos esixíbeis

É capaz de comprender a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

É quen de producir e coproducir con fluidez, espontaneidade e en xeral case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, bastante claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos

registros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando o suficiente dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai case imperceptíbeis as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con suficiente eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

É capaz de comprender suficientemente a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre a maioría dos temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

É quen de producir e coproducir textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión suficientemente apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente en xeral, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

É quen de mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con bastante flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

4.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación terá por obxecto cualificar e certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Haberá diferentes modalidades ao longo do curso

- **Avaliación inicial (ou de diagnóstico):** o profesorado a inicio de curso fará unha avaliación de diagnóstico para coñecer o nivel e as características do seu alumnado.
- **Avaliación de progreso (ou formativa):** nesta modalidade tanto profesorado como alumnado poden observar, reflexionar e valorar o proceso de aprendizaxe. Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación de tarefas. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso. Para o alumnado presencial haberá unha tarefa de observación, recollidas para a avaliación parcial testando o progreso no fin do primeiro cuadrimestre. Pero esta avaliación terá unicamente valor orientativo e servirá para informar do grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa idoneidade.
- **Avaliación certificadora:** o alumnado oficial terá a dúas convocatorias para certificar o nivel, ordinaria de maio/xuño e extraordinaria de xuño. Será apto o

alumnado que obteña 15 puntos en cada actividade de lingua, sumando un total de 60 puntos. A puntuación máxima total ascende a 100 puntos, correspondendo 25 puntos a cada actividade de lingua.

A cualificación positiva final conducirá á obtención do certificado do nivel C2 e permitirá o acceso ao seguinte nivel.

- **A autoavaliación:** A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsábel da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias. Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

4.3. Criterios de avaliación

4.3.1. Actividades de comprensión de textos orais

Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.

4.3.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posíbeis carencias.

É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

4.3.3. Actividades de comprensión de textos escritos

Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.

Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura **discursiva** complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

4.3.4. Actividades produción e coprodución de textos escritos

Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

Redacta un texto e adaptación á situación requirida.

Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferenciarlos e eliminar posíbeis ambigüidades.

Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades.

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

4.3.5. Actividades de mediación

Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

3. ENFOQUE METODOLÓXICO

A nosa perspectiva será a de orientar a aprendizaxe das linguas para a acción, como vehículo de comunicación que é, nos termos que é definida no Marco Europeo Común

de Referencia. Para tal, o proceso de aprendizaxe estará centrado no propio alumno ou alumna e nas súas necesidades específicas, partindo dos coñecementos previos que xa fan parte da súa competencia comunicativa.

Isto significa que os alumnos e alumnas, nas aulas, deben realizar tarefas e actividades significativas, como as que se realizan na vida cotián, que os leven a adquirir os elementos lingüísticos necesarios para a súa execución.

O traballo de pares e de grupo será o preferente por romper a limitada estrutura de interacción profesor/a-alumno/a e permite aos alumnos e alumnas falaren máis tempo e de forma máis auténtica, mediante a adquisición de habilidades básicas aplicadas en actividades propostas para facilitar a aprendizaxe.

Tamén os alumnos e alumnas poden facer propostas de tarefas ou recursos que consideren máis próximos dos intereses que teñen en relación á lingua que están a aprender.

Haberá unha reflexión colectiva sobre esas escollas e sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, co intuito de aumentar a consciencia do alumno e alumna sobre o mesmo.

Os textos escritos e os audios e vídeos a utilizar deberán ser, sempre que posíbel, auténticos.

Tentarase conseguir que os alumnos e alumnas comuniquen o máis posíbel en portugués, facendo con que centren a atención máis no sentido do que na forma e ensaiando, intuindo ou adiviñando o que non se coñece sen medo a caer no erro, entendido como máis un elemento facilitador do progreso.

Fomentarase a autonomía na aprendizaxe a través da observación de modelos e da intuición de regras, da verificación das hipóteses, da consulta de materiais e da comparación dos novos contidos lingüísticos coa lingua materna. Para garantir a asimilación dos contidos lingüísticos a nivel autónomo, serán suxeridas diferentes técnicas: lecturas, cadernos para apuntamentos, memorización de cancións ou poemas, elaboración de deseños, ou revisións do aprendido, sempre tentando aproximar o uso lingüístico de como é feito en situacións de comunicación real.

A distribución na sala de aulas poderá ser organizada en función de fórmulas máis abertas e cooperativas, que fomenten a participación en maior medida do que o esquema tradicional. mais non só a sala de aulas constitúe o espazo de aprendizaxe, estendéndose a outros espazos da escola e ás actividades realizadas fora da mesma, como as viaxes de estudo a Portugal.

Alén do dito, terá importancia o fomento da capacidade de auto-avaliación permanente por parte de cada aprendiz, identificando as propias fortalezas e fraquezas, para axudar na orientación do proceso de aprendizaxe.

A aplicación de estratexias comunicativas e a análise do propio proceso polo propio alumno ou alumna –o tratamento do erro, o recurso a paráfrases, etc)– constitúe tamén un elemento metodolóxico importante que o profesor ou profesora utilizará nas aulas.

O fomento do Plurilinguismo fai parte tamén da estratexia metodolóxica, ao favorecer a aprendizaxe e motivar para o avance no proceso. Así, o coñecemento doutras linguas máis ou menos próximas do portugués, ou de hábitos e tradicións culturais que tamén existen nos países lusófonos, será unha axuda que motive e facilite a aprendizaxe.

Seguindo instrucións da Consellería de Cultura e a partir da situación sanitaria derivada da crise da Covid-19, Educación e Universidade, desde marzo de 2020 todo o alumnado conta co mesmo tipo de aula virtual, Moodle, que é a proporcionado pola Consellería accedendo por medio da páxina web da Escola.

Tal como xa aconteceu nos anos lectivos anteriores, desde o inicio de curso, todo o alumnado terá acceso á aula e poderá encontrar gradualmente materiais e recursos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. As primeiras semanas do curso será explicado o seu funcionamento e resolvidas dúbidas técnicas.

A aula virtual será utilizada como complemento ás clases presenciais, especialmente para alumnos/as que non poidan asistir asiduamente, mais tamén ofrecendo traballo suplementar para promover a autonomía de todo o alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

4. RECURSOS DIDÁCTICOS E BIBLIOGRAFÍA

Métodos ou manuais:

| NÍVEL | LIVRO | UNIDADES |
|---------------|---|----------|
| Básico A2 | 'Português em Foco 1', Livro do Aluno, de Luísa Coelho (QECR Nível A2). Lidel, 2017 | 1 a 10 |
| Intermedio B1 | 'Português em Foco 2', Livro do Aluno, de Luísa Coelho (QECR Nível B1). Lidel, 2017 | 1 a 10 |
| Intermedio B2 | 'Português em Foco 3', Livro do Aluno, de Luísa Coelho (QECR Nível B2). Lidel, 2018 | 1 a 7 |
| Avanzado C1 | Dias, Renato Borges de Sousa. Hoje em dia, <i>Lidel edições</i> . | 1 a 9 |
| Avanzado C2 | Dias, Renato Borges de Sousa. Hoje em dia, <i>Lidel edições</i> . | 10 a 18 |

A pesar de o manual constituír o roteiro fundamental nos anos en que é utilizado, deberá ser completado con materiais de elaboración propia e aínda co apoio de outros

manuais, a través de fotocopias distribuídas polo profesor, entre eles: *Comunicar en Portugués*, Lidel; *Olá, como está?*, Lidel; e *Lusofonia Básico*; Lidel.

Outros materiais fundamentais a utilizar serán as cancións, palabras cruzadas, artigos xornalísticos, consultas na Internet, filmes, documentáneos, gravacións de programas televisivos, bandas deseñadas e lecturas accesíbeis para o 1º ano, tales como os trechos de literatura xuvenil ou similares.

As novas tecnoloxías son una ferramenta imprescindible no proceso de ensino aprendizaxe de linguas estranxeiras, daí seren utilizadas de xeito habitual. Así sendo, aproveitaránse os espazos destinados ao uso das TIC (biblioteca, laboratorio), os recursos disponíbeis nas aulas (computador, proxector e pantalla dixital, libro dixital) e a conexión á Internet fixa, de que o centro dispón.

A formación do profesorado necesaria para o manexo destas ferramentas realizarase a través de proxectos de formación en centro.

A páxina web de referencia de todo o alumnado é www.eoiferrol.org

Ao comezo do curso, o profesorado comentará en cada grupo cales son os recursos que poden ser de interese para o nivel que o alumnado está a cursar e indicarlle onde pode atopalos:

- Ligazóns a enderezos de axuda para o estudo da lingua. Divididos en varios apartados para que sexa máis cómodo o acceso. Estas ligazóns están publicadas na sección da páxina web da EOI correspondente a cada departamento da lingua estudada. Entre elas, destácanse:

Dicionário da Priberam (português de Portugal)
<http://www.priberam.pt/dlpo/>

Dicionário da Língua Portuguesa (Academia das Ciências de Lisboa)
<https://dicionario.acad-ciencias.pt/>

Dicionários da Porto Editora online (português de Portugal)
<http://www.portoeditora.pt/alp/dol/dicionarios-online/>

Dicionário online com exemplos reais de uso (luso-brasileiro)
<https://www.dicio.com.br/>

Forvo (dicionário colaborativo multilíngue com pronúncia)
<http://pt.forvo.com/>

Conjugador de verbos online (português de Portugal e do Brasil)
<http://conjugador.cilenis.com/>

Dicionário multilíngue da Wordreference (português do Brasil)
<http://www.wordreference.com/pten/>

Dicionário online Aulete (Brasil)

<http://www.aulete.com.br/>

Dicionário online Michaelis (Brasil)
<http://michaelis.uol.com.br/moderno-portugues/>

Ciberdúvidas da Língua portuguesa
<http://www.ciberduvidas.com/>

Observatório da Língua Portuguesa
<http://observatorio-lp.sapo.pt/pt>

Museu da Língua Portuguesa (São Paulo, Brasil)
<http://www.museulinguaportuguesa.org.br/>

Instituto Camões (Portugal)
<http://www.instituto-camoes.pt/>

Comunidade de Países de Língua Portuguesa
<http://www.cplp.org/>

- aula virtual (Cesga e Edmodo) usadas polos profesores para disponibilizar arquivos e materiais de clase e complementarios.

- aula virtual da EOI: 'Materiais para probas de certificación' que ofrece unha mostra de tarefas, elaboradas polo profesorado desta EOI, cun formato similar ao das probas de certificación:

- ligazón para MODELOS PROBAS CERTIFICACIÓN das EOIs de Galiza, publicadas pola Consellería de Educación.

- blog Troca-Troca para a partilla de materiais didácticos entre docentes de Portugués, mantido pola asociación Docentes de Português da Galiza (DPG).
<http://dpgaliza.org/troca>

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade pode ser entendida como os diferentes puntos de partida sociais e formativos existentes no seo do alumado, e tamén como as condicións de diferentes discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Nas Escolas Oficiais de Idiomas, onde estudan alumnos e alumnas de un amplo leque etáreo que vai dos 14 anos aos 70 ou mais, con niveis de estudo previos tamén moi diversos e perfís lingüísticos de partida diferentes. No caso do portugués, o nivel inicial poderá depender da existencia de contactos máis ou menos frecuentes e intensos co veciño Portugal, o que neste primeiro ano fai con que coincidan nas mesmas turmas persoas con coñecementos relativamente diversos, o que deberá ser aproveitado para a motivación dos menos competentes sen caer na desmotivación dos máis avanzados, variando o nivel de exixencia diário en función do perfil do alumno ou alumna

Tentarase, no posíbel, secuenciar a aprendizaxe e o tipo de traballo concreto posibilitando ritmos e intensidades diferentes adecuados a cada alumno ou alumna.

O atendimento individualizado a través das horas semanais dispostas a tal fin no horario oficial contribuirán para o mesmo obxectivo, tal como o agrupamento atendendo aos niveis de competencia e progresión para favorecer a motivación e evitar a frustración das expectativas, mesmo manténdose os obxectivos e contidos xerais establecidos na programación anual.

O uso das TIC como ferramenta auxiliar axudará á necesaria diversificación do proceso de aprendizaxe, permitindo recorrer a materiais adaptados a cada nivel e traballa-los en simultáneo, nomeadamente nos laboratorios de idiomas existentes no centro. Alén do traballo en grupo, as novas tecnoloxías permiten tamén o desenvolvemento da autoaprendizaxe, onde o alumno e a alumna protagonizan o proceso en actividades adaptadas ás súas necesidades concretas, sempre co profesor como auxiliar.

6. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DO IDIOMA

Serven para aumentar o tempo dedicado ao uso do portugués como vehículo comunicativo e cultural, estimulando a motivación por ambos aspectos (o lingüístico e o cultural) e a autoconfianza dos alumnos e alumnas, favorecendo aínda a autonomía da ou do aprendente.

A orientación das actividades culturais complementares será determinada polo Departamento en función das necesidades concretas das turmas cada ano, partindo tamén dos resultados de experiencias en anos anteriores, que no noso caso só poderán ser tidos en conta a partir do ano próximo.

En función do calendario e das posibilidades académicas, poderá ser realizado un inquérito para que sexan os alumnos e alumnas que expresen as súas opinións sobre a orientación das actividades, que en todo o caso se verán determinadas polos medios, espazos e recursos dispoñíbeis no centro.

Neste ano, as dúas aulas dunha hora e media semanais serán dedicadas principalmente á práctica da expresión oral.

Os alumnos e alumnas realizarán audicións e repeticións de fonemas, palabras e secuencias, con ou sen texto escrito, isto é: lendo simultaneamente e a repetición tamén pode ser con, ou sen transcripción escrita para comparar co que o/a alumno/a produciu. Isto dá varias posibilidades combinatorias con presenza ou ausencia de texto escrito.

Traballárase tamén na produción de texto oral imaxinando, adecuado a unha secuencia audiovisual que acaba de ver mais sen ouvir (á cal se apagou a voz) e verificación posterior individualmente ou en grupo.

Produción de texto oral imaxinando a situación e contexto de unha secuencia audiovisual que acaba de ouvir mais sen a ver (á cal se tirou a imaxe) e verificación posterior individualmente ou en grupo.

Audición de contos, cancións e outros textos narrativos, ou gravacións da radio portuguesa (entrevistas, reportaxes, etc.) e comprensión oral posterior.

Convén destacar a presenza da auxiliar lingüística portuguesa con quen contamos neste ano lectivo, por segunda vez na historia do noso departamento, após a avaliación positiva da experiencia do ano pasado. Se no ano pasado foi unha auxiliar brasileira, desta vez contaremos com a profesora portuguesa Francisca Ribeiro, que sen dúbida virá enriquecer o contacto dos alumnos e alumnas coa cultura e variantes lingüísticas do país que constitui a principal referencia lingüística para nós, vista a proximidade xeográfica e cultural.

Como parte do obxectivo de facer do proceso de ensino-aprendizaxe máis do que as sesións semanais ou aulas, o Departamento de Portugués tentará motivar os alumnos e as alumnas para a realización doutras actividades que lles permitan integrarse no mundo lusófono, mediante actividades extraescolares que variarán, en anos sucesivos, en función da ampliación dos niveis de aprendentes.

Neste ano, o Departamento tenciona manter como actividade extraescolar central a habitual viaxe a Portugal no mes de novembro, que en función do calendario e doutras circunstancias do momento poderá ter continuidade nunha segunda na primavera, nunha data por confirmar.

As viaxes deste ano serán a Portugal, e combinarán o ocio con actividades culturais previstas nesta programación, nomeadamente o coñecemento da realidade cultural portuguesa.

A primeira viaxe será antes das ferias de Inverno e o destino será o norte de Portugal, cunha duración de dous días nun fin de semana, aproveitando para asistir a algún espectáculo cultural na cidade do Porto e doutra cidade do Norte.

A segunda viaxe, se for posíbel, será no segundo cuadrimestre do ano, cando o nivel de contacto co idioma sexa suficiente no novo alumnado e un pouco maior no de Básico A2 e sobre todo Intermedio B1, o que permitirá tirar un maior proveito á iniciativa.

Alén da recuperación das viaxes, o Departamento fomentará a participación nas restantes actividades realizadas conxuntamente polos diferentes departamentos da Escola, no caso de ser posíbel realizar algunhas. Tamén se tentará que poida haber outras actividades lúdicas e formativas, como un ciclo de cinema interdepartamental en colaboración cun cinema local previsto para todo o ano letivo, ou unha serie de almozos organizados consecutivamente por cada un dos departamentos da Escola.

Salientamos nesta epígrafe a continuidade da iniciativa de práctica oral “Dois dedos de conversa”, promocionada pola Asociación Goethe na cafetería da Escola, con sesións semanais de mañá e tarde, para permitir a interacción oral entre aprendentes de portugués, e que este ano contará coa participación da nosa auxiliar de conversa, a profesora portuguesa Francisca Ribeiro.

A todas elas, sómase o Clube de Lectura organizado polo Departamento de Portugués, con lectura de obras literarias representativas das literaturas lusófonas e visualización de filmes versionando as obras, o que servirá para aproximar o alumnado da literatura em portugués e, secundariamente, do cinema na mesma lingua, en varias sesións de debate sobre as diferentes obras.

7. VALORACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A programación didáctica precisará de unha revisión sistemática co ollar posto na súa funcionalidade para os fins marcados neste propio ano, a través da reflexión do propio Departamento e do organismo de Coordinación Pedagóxica da Escola.

Así, durante o propio proceso de aplicación do aquí establecido, será necesario axustar ou corrixir posíbeis problemas ou carencias, relativas aos obxectivos e o seu grao de cumprimento, os contidos e a súa correcta temporalización e secuenciación, a validade do manual e de outros recursos didácticos, o funcionamento das probas de xuño (convocatorias ordinaria e extraordinaria) e do sistema de avaliación no seu conxunto, etc.

O progreso dos alumnos e das alumnas será a mellor medida da adecuación da programación, tomando os obxectivos marcados como referente ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

O intercambio de pareceres e experiencias na acción docente con outros colegas, alén da consulta cos propios alumnos e alumnas (a través de inquéritos ou outros medios), axudará ao mesmo obxectivo e permitirá chegar ao fin do ano lectivo cun diagnóstico sobre o funcionamento da programación, complementada coa estatística dos resultados da avaliación final (aprobados, suspensos, non presentados, abandonos) e a súa correcta interpretación. As conclusións serán reflectidas na memoria final, indicando os aspectos que deberán ser modificados ou tidos en conta no momento de elaborar a próxima programación anual, co intuito de superar os problemas detectados.

8. AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

O Departamento fará a súa autoavaliación sobre o propio funcionamento mediante dúas vías fundamentais: as reunións do Departamento e as reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica do Centro. En paralelo, o papel da Dirección asesorando sobre aspectos concretos, suxerindo e esclarecendo dúbidas completa o necesario labor de avaliación interna.

Desa forma, espérase que no inicio, ao longo e no final do ano lectivo, podamos garantir un correcto funcionamento do Departamento e do traballo coordinado dos seus integrantes, que neste ano son dous.

En relación co anterior, o Departamento de Portugués realizará un estudo das necesidades do mesmo e do seu profesorado, que transmitirá a través das correspondentes memorias anuais e directamente á Dirección, para que esta as comunique ás autoridades educativas, segundo o caso.

A detección das necesidades poderá ser por vía de observación persoal do profesorado, quer a nivel de carencias de material, de problemas técnicos nos recursos, ou de queixas por parte dos alumnos e alumnas que son transmitidas ao profesor ou profesora. Tamén a reflexión do conxunto do Departamento poderá en anos sucesivos levar á detección de carencias que afectan o colectivo.

Por último, inquéritos e outras consultas ao alumnado permitirán averiguar que problemas ou carencias existen, correspondendo ao Departamento darlle solución se estiver na súa man ou transmitila, como foi dito, á Dirección da Escola.